- Mecanismos de coherencia e cohesión elementais, con especial atención ás repeticións e sinónimos, á orde de oracións e parágrafos, aos diferentes conectores gramaticais e textuais explicativos e ás substitucións pronominais como mecanismo gramatical elemental e referencia interna.
- Estratexias e técnicas elementais de recoñecemento da intención comunicativa e do uso guiado de dicionarios, en distintos soportes.
- Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A realización de diversas tarefas, actividades ou proxectos de xeito autónomo e/ou guiado por parte do alumnado será unha condición primordial para acadar unha aprendizaxe significativa. Todo isto, terá un enfoque globalizador, de carácter interdisciplinar, transversal e tratando de achegar o coñecemento lingüístico e científico ao alumnado.

A contorna será un medio idóneo para a adquisición de novas aprendizaxes, comezando polas máis próximas á súa realidade (sinxelas) e ata chegar a outras máis complexas.

O traballo individual, en pares ou en equipo (traballo colaborativo) serán as opcións máis empregadas para favorecer a participación total do alumnado.

En cada unidade didáctica, utilizaremos as actividades complementarias como centro de interese.

Todo isto debe rexirse polos principios de normalización e inclusión e así poder atender á diversidade existente na nosa aula.

En resumo, a metodoloxía será activa, participativa, comunicativa e intentará incluír novas experiencias que fomenten a innovación educativa na medida que seña posible, coa finalidade de incentivar e motivar ao alumnado cara a novas aprendizaxes.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libros de texto (Editorial Anaya).
Computador de aula e encerado dixital
Material funxible (cartolinas, folios, pinturas, témperas...)
Globo Terráqueo Mapas e planisferios
Computadores (Sala informática)
Google Earth
Material de refugallo (cartóns, papeis...)
Libreoffice writer // Word Impress // powerpoint
Libreta ou caderno
Aula virtual do centro (recursos, tarefas, contidos H5P...)
Dicionarios
Material da biblioteca

Empregaremos unha variedade significativa de recursos didácticos coa finalidade de ofertarlle ao noso alumnado un amplo abano de posibilidades para as súas aprendizaxes. Intentaremos motivar e implicar ao alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe, xa que procuraremos que os recursos empregados posibiliten unha aprendizaxe activa por parte do alumnado.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras semanas do curso, cando se incorpore alumnado unha vez comezado o curso ou ao inicio de cada unidade didáctica. Esta avaliación levarase a cabo mediante:

Revisión dos informes do ano anterior, onde se recollerá información sobre os resultados académicos obtidos nas materias e, de ser o caso, dos plans de reforzo.

Avaliación das competencias e contidos a través de actividades como:

Describir as características básicas dos elementos do medio natural e social de forma oral ou escrita, empregando rutinas de pensamento como "Dez veces dous".

Identificar os diferentes tipos de ecosistemas a través de imaxes, empregando o Plickers.

Actividades de comprensión e expresión oral e escrita sobre a contaminación e a importancia do coidado do planeta.

Busca de información guiada empregando diferentes fontes de información en formato impreso ou dixital.

A partir desta avaliación tratarase de identificar se existen dificultades no grupo-clase ou en determinados alumnos para a elaboración das medidas oportunas tanto a nivel colectivo como individual.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	34	33	33	100
Proba escrita	32	35	33	33
Táboa de indicadores	68	65	67	67

Criterios de cualificación:

Á hora de establecer os criterios de cualificación do ámbito, debemos ter en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación, estes son as probas obxectivas e as táboas de indicadores para a calidade do traballo (tanto en probas escritas como na oralidade) e actitude cara o traballo na aula.

As probas escritas serán as tarefas e fichas, o traballo no caderno de campo, resumos, esquemas, mapas conceptuais... Os cales terán a porcentaxe marcada en cada trimestre para cada criterio de avaliación.

Por outra banda, as táboas de indicadores que tomaremos como referencia para o traballo de aula serán rúbricas, listas de cotexo ou escalas de observación entre outros. A través destas táboas avaliaranse os criterios de avaliación que se indican, así como o respecto polos compañeiros, a capacidade de seguir uns pasos ou unhas instrucións e o grao de responsabilidade na execución dos proxectos, ademais do traballo no caderno de clase.

Para o cálculo da nota de cada avaliación terase en conta a seguinte fórmula:

NOTA PRIMEIRA AVALIACIÓN= Traballos en aula: 40%. Probas obxectivas: 40%. Actitude: 20%.

NOTA SEGUNDA AVALIACIÓN= Traballos en aula: 40%. Probas obxectivas: 40%. Actitude: 20%.

NOTA TERCEIRA AVALIACIÓN= Traballos en aula: 40%. Probas obxectivas: 40%. Actitude: 20%.

A cualificación da avaliación final da materia calcularase aplicando a seguinte fórmula:

NOTA AVALIACIÓN FINAL: Nota 1ª avaliación x 0.2 + nota 2ª avaliación x 0.3 + nota 3ª avaliación x 0.5

Deste xeito, un aprobado na terceira avaliación implica un aprobado na avaliación final, dada a natureza da avaliación continua que se persegue na materia.

O resultado dos cálculos redondearase cara a unidade seguinte, sempre e cando o número das décimas sexa cinco ou maior que cinco.

Criterios de recuperación:

De acordo co artigo 20 da Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, así como a orde de 25 de xaneiro de 2022, a avaliación durante a etapa de Educación Primaria será continua e global, tendo en conta o proceso de aprendizaxe. Feito polo cal, aprobando avaliacións posteriores recupéranse avaliacións anteriores, de ser o caso.

Por outra banda, se nalgún momento se obtén unha calificación negativa, poñerase en marcha un programa de reforzo individualizado para ese alumno en cuestión, como medida ordinaria de atención á diversidade.

6. Medidas de atención á diversidade

Na etapa da educación primaria poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na detección precoz das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe co obxecto de reforzar a inclusión e asegurar o dereito a unha educación de calidade.

Neste sentido, cobra especial relevancia o tratamento do Alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo (ACNEAE) e o de NEE, entendidos como os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

O traballo coordinado xunto co Departamento de Orientación, o equipo docente, o persoal sanitario e a familia do alumnado será fundamental para a abordaxe das dificultades que poidan xurdir no proceso de ensino-aprendizaxe.

O documento de referencia será o Plan Xeral de Atención á Diversidade, no que figurarán as posibles medidas tanto ordinarias como extraordinarias de atención á diversidade. Neste sentido, a información obtiva na avaliación inicial axudará a escoller as medidas de atención á diversidade, como poden ser o reforzo educativo, o apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria ou o apoio de profesorado especialista en Audición e Linguaxe e/ou Pedagogía Terapéutica. Será importante tamén a planificación de actividades de reforzo e ampliación para individualizar o ensino e atender á totalidade do alumnado.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X
ET.5 - Creatividade	X	X	X
ET.6 - Emprendemento	X	X	X
ET.7 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X
ET.8 - Educación para a paz e resolución pacífica de conflitos	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.9 - Desenvolvemento sustentable .		X	X
ET.10 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.	X	X	X
ET.11 - Educación emocional e en valores	X	X	X
ET.12 - Pluralidade e respecto polo estado de dereito		X	
ET.13 - Respecto pola diversidade afectivo-sexual	X	X	X
ET.14 - Educación para o consumo responsable	X	X	X

Observacións:

O traballo dos elementos transversais está implícito na labor docente, xa que debemos transmitir unha serie de valores e actitudes ao noso alumnado, tal como reflicte a lexislación vixente.

Os elementos transversais non pertencen exclusivamente a unha área en concreto, senón que deben ser abordados ao longo de todas elas.

O ámbito será un espazo ideal para que de xeito globalizado se traballen todos estes contidos mesturados cos propios das áreas.

Certos elementos transversais, como a expresión oral e escrita ou a resolución pacífica de conflitos estarán presentes ao longo de todas as unidades didácticas. Por outra banda, contidos como o desenvolvemento sustentable, serán abordados en unidades didácticas en concreto.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Magosto	Costumes destas datas	X		
25 N	Violencia de xénero	X		
Estatuto de Autonomía	Traballo sobre o estatuto	X		
Proxecto de centro	Lingoreta atleta	X	X	X
Antroido	Antroidos Tradicionais		X	
8 de marzo	Día da muller traballadora		X	
Día do libro	Características desta data			X
Letras galegas	Costumes destas datas			X
Día do medio	Exposición			X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Consegiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.
Consegiuse a participación activa de todo o alumnado.
Medidas de atención á diversidade
Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE e NEE
Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE e NEE.
Clima de traballo na aula
Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.
Outros
Dáse un peso real á observación do traballo na aula.

Descrición:

Neste apartado preténdese promover a reflexión da práctica docente e a autoavaliación da realización e o desenvolvemento da programación didáctica. Para iso, ao finalizar cada unidade didáctica propónse unha secuencia de preguntas que permitan avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade.

Os items relacionados preséntanse en táboas que conteñen unhas casiñas numeradas do 1 ao 5 para valorar o grao de consecución de cada un deles. A continuación analizaranse nunha posta en común do profesorado do nivel ao remate de cada avaliación. Este proceso permitirá unha reflexión sobre a nosa práctica docente e posibilitará a introdución das medidas correctoras necesarias para a mellora do proceso de ensino.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Trimestralmente farase un seguimento do desenvolvemento da programación na propia aplicación PROENS, previa reunión do profesorado do nivel. A programación debe ser flexible, permitíndonos correxir e modificar aqueles aspectos que non resultasen idóneos na posta en práctica.

Ao remate de cada avaliación, utilizando a información recollida na posta en común sobre o labor docente, as respostas ás seguintes cuestións (que se valoran entre 1 e 5) e os resultados académicos existentes, reuniremonos para a toma de decisións acordada sobre os posibles cambios que precise a nosa programación. As conclusións quedarán recollidas na acta da reunión de ciclo.

Cuestións:

1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.
6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación
8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.
9. Adecuación da secuencia de traballo na aula
10. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
11. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.
12. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.
13. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc
14. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.
15. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.
16. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.
17. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE e NEE.
18. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas
19. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.
20. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.
21. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.
22. Contribución ao plan de lectura do centro.
23. Grao de integración das TIC no desenvolvemento do ámbito.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15015652	CEIP Apóstolo Santiago	Santiago de Compostela	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Educación física	4º Pri.	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	28
4.2. Materiais e recursos didácticos	28
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	29
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	30
6. Medidas de atención á diversidade	33
7.1. Concreción dos elementos transversais	34
7.2. Actividades complementarias	35
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	36
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	37
9. Outros apartados	38

1. Introducción

O presente documento desenvolve unha programación didáctica para a área de Educación Física en 4º curso de Educación Primaria, realizada en base á Concreción Curricular do centro e tendo en conta o Decreto vixente actual no que se establece o currículo de Educación Primaria.

A área de Educación Física debe fundamentarse na adquisición das capacidades que contribúan ao desenvolvemento persoal e a unha mellor calidade de vida. Ten que dirixirse cara ao coñecemento progresivo da conduta motora e á adquisición de actitudes, valores e normas referentes ao corpo e ao movemento. A área de Educación física ten como finalidade principal a competencia motriz dos alumnos e das alumnas, entendida como un conxunto de coñecementos, procedementos, actitudes e sentimentos que interveñen nas múltiples interaccións que realiza un individuo no seu medio e cos demais e que permite que o alumnado supere os diferentes problemas motrices propostos tanto nas sesións de Educación física como na súa vida cotiá. A competencia motriz, que non está recollida como unha das competencias clave, é fundamental para o logro de diversos fins educativos na Etapa de Educación Primaria: socialización, autonomía, aprendizaxes básicas e mellora das posibilidades expresivas, cognitivas, comunicativas e lúdicas.

Pero a Educación Física non é unha simple aprendizaxe de movementos, senón un camiño cara á educación total que utiliza dito movemento como axente pedagóxico con diversas funcións: de coñecemento, de organización perceptiva, anatómico-funcional, estético-comunicativa, de relación persoal coas demais persoas, agonística, hixiénica, hedonista, de compensación e catártica. Esta área curricular está especialmente indicada para integrar todo tipo de alumnado e resulta idónea de cara á Atención á Diversidade. Debe incidirse na Coeducación e na Igualdade de oportunidades para ambos sexos.

Un dos obxectivos principais debe ser fomentar a adquisición dun estilo de vida activo e saudable que lle permita ao alumnado chegar a consolidar hábitos e, posteriormente, perpetualos ao longo da súa vida. Esos hábitos de vida saudable son a clave para evitar o sedentarismo e a obesidade contribuíndo a ter calidade de vida. Temos que inculcar ao noso alumnado que a actividade física ten que estar no presente e no futuro do seu día a día.

Para abordar con posibilidades de éxito as numerosas situacións motrices ás que se verá exposto o alumnado ao longo da súa vida, será preciso desenvolver de maneira integral capacidades de carácter cognitivo e motor, pero tamén afectivo - motivacional, de relacións interpersoais e de inserción social. Deste xeito, o alumnado terá que aprender a xestionar as súas emocións e as súas habilidades sociais en contextos de práctica motriz.

O alumnado tamén deberá recoñecer diferentes manifestacións da cultura motriz, como parte relevante do patrimonio cultural, expresivo e artístico, que poden converterse en obxecto de gozo e aprendizaxe. Para iso, será preciso desenvolver a súa identidade persoal e social integrando nela as manifestacións máis comúns da cultura motriz, a través dunha práctica vivenciada e creativa.

O desenvolvemento de actitudes comprometidas co medio ambiente e a súa materialización en comportamentos baseados na conservación e na sustentabilidade asociaranse cunha competencia fundamental para a vida en sociedade que debe comezar a adoptarse nesta etapa.

*** CARACTERÍSTICAS PSICOEVOLUTIVAS ALUMNADO DE 2º CICLO (8 a 10 anos).

- **Ámbito cognitivo:** atópase en plena etapa do período das operacións concretas, o que supón que razoan lóxicamente, xa non emiten xuízos intuitivos propios do período anterior. Agora ben, o seu razoamento está vencellado á manipulación dos obxectos aos que éste se refire.

- **Ámbito motor:** teñen cada vez máis relacións co mundo que os rodea. Neste período, mostran unha maior forza e unha gran progresión na coordinación motora.

- **Ámbito afectivo-social:** nesta idade, ábrese a persoas e costumes diferentes ás súas, na que actúan de modo cada vez máis autónomo, poñéndose eles mesmos os seus fins e organizando as súas accións por sí solos en función dos seus proxectos e obxectivos. Nesta etapa advírtese unha segregación entre sexos, producíndose unha clara diverxencia entre os xogos dos nenos e das nenas. Neste período, o grupo organízase para converterse no verdadeiro centro da vida escolar.

----- Neste documento recóllese unha programación didáctica flexible, para a área de Educación Física en Educación Primaria que se planifica para levar a cabo no Centro de Educación Infantil e Primaria CEIP Apóstolo Santiago no curso 2023/2024, no que actualmente conviven 3 grupo de EI xunto con 6 de EP, correspondendo un aula por curso. A distribución de alumando por curso é a seguinte:

4ºEI: 21 (11 nenas e 10 nenos)
 5ºEI: 18 (11 nenas e 7 nenos)
 6ºEI: 25 (15 nenas e 10 nenos)
 1ºEP: 25 (14 nenas e 11 nenos)
 2ºEP: 25 (16 nenas e 9 nenos)
 3ºEP: 22 (14 nenas e 8 nenos)
 4ºEP: 17 (7 nenas e 10 nenos)
 5ºEP: 22 (11 nenas e 11 nenos)
 6ºEP: 24 (9 nenas e 15 nenos)

*** CONTEXTUALIZACIÓN**

- Centro: CEIP Apóstolo Santiago
- Unidades: 9 (3 en EI e 6 en EP)
- Curso: 4º
- Nº alumnos/as: 17 (7 nenas e 10 nenos)
- Contorna: urbana pero non céntrica
- Instalacións: pavillón polideportivo, aula de psicomotricidade, patio exterior, zona verde no exterior
- Xornada escolar: continua (09:00 a 14:00)

O espazo onde se levarán a cabo as sesións de EF será principalmente o pavillón polideportivo, onde se atopa a maior parte do material. Ademais sempre que a actividade e as condicións meteorolóxicas o permitan, se usarán as pistas exteriores así como a zona verde. Puntualmente se subirá á biblioteca, en busca de información sobre algún deporte alternativo, ou para visualizar tácticas e regulamento dalgún deporte. A aula de psicomotricidade con chan acolchado e colchonetas, será un bo lugar para algunhas das sesións.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Adoptar un estilo de vida activo e saudable, practicando regularmente actividades físicas e deportivas e adoptando comportamentos que potencien a saúde física, mental e social, así como medidas de responsabilidade individual e colectiva durante a práctica motriz para interiorizar e integrar hábitos de actividade física sistemática que contribúan ao benestar.			2-5		2-5		3	
OBX2 - Adaptar os elementos propios do esquema corporal, as capacidades físicas, perceptivo-motrices e coordinativas, así como as habilidades e as destrezas motrices, aplicando procesos de percepción, decisión e execución adecuados á lóxica interna e aos obxectivos de diferentes situacións, para dar resposta ás demandas de proxectos motores e de prácticas motrices con distintas finalidades en contextos da vida diaria.			1	3	4-5			

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Desenvolver procesos de autorregulación e interacción no marco da práctica motriz, con actitude emprática e inclusiva, facendo uso de habilidades sociais e actitudes de cooperación, respecto, traballo en equipo e deportividade, con independencia das diferenzas etnoculturais, sociais, de xénero e de habilidade dos participantes, para contribuír á convivencia social e ao compromiso ético nos diferentes espazos en que se participa.	1-5				1-3-5	2-3		
OBX4 - Recoñecer e practicar diferentes manifestacións lúdicas, físico-deportivas e artístico-expresivas propias da cultura motriz, valorando a súa influencia e as súas achegas estéticas e creativas á cultura tradicional e contemporánea, para integralas nas situacións motrices que se utilizan regularmente na vida cotiá.		3				3		1-2-3-4
OBX5 - Valorar diferentes medios naturais e urbanos como contextos de práctica motriz, interactuando con eles, comprendendo a importancia da súa conservación desde un enfoque sustentable e adoptando medidas de responsabilidade individual durante a práctica de xogos e actividades físico-deportivas, para realizar unha práctica eficiente e respectuosa coa contorna e participar no seu coidado e mellora.			5			2-4	1-3	

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Benvida ao curso	Inicio de curso, saúdo, recordatorio das normas básicas, xogos cooperativos e toma de medidas atopométricas.	10	4	X		
2	Coñecemento do propio corpo	Nesta unidade traballaremos o coñecemento do propio corpo e as súas posibilidades de movemento, lateralidade, equilibrio e coordinación	10	8	X		
3	Percepción espazo-temporal	Traballo coa percepción de espazos, ocupación e desprazamento polos mesmos. Tamén da percepción dos ritmos, do tempo e actuacións en relación ao mesmo.	10	8	X		
4	Acrosport	Descubrir a disciplina do Acrosport.	10	8	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	Acrosport	Empregar o equilibrio, o compoñente kinestésico, a cooperación... para desenvolver en equipa algunhas figuras de carácter sinxelo. Traballo dos agarres, dos apoios e da postura corporal.	10	8	X		
5	Habilidades Motrices Básicas 1	Comezaremos por traballar as HMB que dependen do propio corpo, desprazamentos, saltos e xiros.	10	8		X	
6	Habilidades Motrices Básicas 2	Centrarémonos nesta unidade nos lanzamentos e recepcións. Empregando a manipulación de obxectos, implementos e móbiles.	10	8		X	
7	Danzas do mundo	Traballar o ritmo aprendendo danzas sinxelas doutros pobos do mundo.	10	5		X	
8	Xogos con material de refugallo e alternativos.	Coñeceremos material diferentes aos habituais cos que tamén podemos xogar. Por unha banda empregaremos xoguetes fabricados con material de reciclaxe, xogos que se poidan facer con este tipo de material e incidindo no traballo da reutilización fabricaremos algún xoguete dos que mais lles gustaran. Por outra banda tamén coñeceremos materiais dos denominados alternativos, distintos e diferentes aos habituais, nalgúns casos pouco comúns e noutros non esperados para o traballo deportivo.	10	8			X
9	Xogos tradicionais	Coñeceremos e xogaremos a distintos xogos tradicionais de Galicia. Ocupando o proxecto de centro "O noso cole é un mundo", indagaremos e invitaremos ás familias, para coñecer diferentes xogos populares dos seus países de orixe.	10	8			X
10	Xogos ao aire libre	Traballaremos con xogos de gran grupo, moverémonos pola natureza e abracaremos unha ampla variedade de xogos con vistas a que os poidan empregar no verán.	10	5			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Benvida ao curso	4

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a actividade física como alternativa de lecer saudable, identificando desprazamentos activos e sustentables e coñecendo os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social que supón adoptar un estilo de vida activo.	Recoñecer a actividade física como alternativa de lecer saudable.	TI	100
CA1.4 - Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física e cara ao esforzo, xestionando as emocións que xurdan en contextos de actividade motriz.	Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física		
CA1.5 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Colaborar e respectar ao resto de compañeiras e compañeiros.		
CA2.1 - Aplicar medidas de educación postural, alimentación saudable, hixiene corporal e preparación da práctica motriz, asumindo responsabilidades e xerando hábitos e rutinas en situacións cotiás.	Iniciarse no aseo e hixiene corporal tras a práctica de actividade física.		
CA2.2 - Tomar medidas de precaución e prevención de lesións en relación coa conservación e mantemento do material, así como dos espazos e instalacións, no marco das distintas prácticas físico-deportivas, coñecendo protocolos básicos de actuación ante accidentes que se poidan producir neste contexto.	Coidar o material e os espazos.		
CA2.6 - Respectar as normas consensuadas na clase, así como as regras de xogo, actuando desde os parámetros da deportividade e do xogo limpo e valorando as achegas dos participantes.	Respectar as normas de clase.		
CA2.7 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión e axuda.		
CA4.1 - Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física e cara ao esforzo, controlando a impulsividade e as emocións negativas que xurdan en contextos de actividade motriz.	Xestionar as emocións que xurdan en contextos de actividade motriz.		
CA4.2 - Respectar as normas consensuadas na clase, así como as regras de xogo, actuando desde os parámetros da deportividade e do xogo limpo e valorando a achega dos participantes.	Respectar as regras dos xogos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Amosar boa disposición para resolver os conflitos que xorden durante a actividade.		
CA4.4 - Adquirir unha visión aberta do deporte para partir do coñecemento de distintas ligas femininas, masculinas ou mixtas, achegándose ao deporte federado e identificando e rexeitando comportamentos contrarios á convivencia, independentemente do contexto no que teñan lugar.	Coñecer diferentes tipos de deporte, ligas e formación de equipos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde física: - Efectos físicos e psicolóxicos beneficiosos dun estilo de vida activo. - Características dos alimentos naturais, procesados e ultraprocesados. - Hidratación na práctica da actividade física. - Saúde social: - A actividade física como hábito e alternativa saudable fronte a formas de lecer nocivas. - Elección da práctica física: usos e finalidades catárticos, lúdico-recreativos e cooperativos. Respecto ás eleccións dos demais. - Coidado e preparación do material, espazos e instalacións que se vaian utilizar segundo a actividade que se pretenda desenvolver. - Consolidación de pautas de hixiene persoal relacionadas coa actividade física. - Prevención de accidentes nas prácticas motrices: mecanismos de prevención e control corporal para a prevención de lesións. - Xestión emocional: recoñecemento de emocións propias, pensamentos e sentimentos a partir de experiencias motrices. - Autonomía persoal e confianza nas propias posibilidades: autoestima. - Habilidades sociais: escoita activa e estratexias de negociación para a resolución de conflitos en contextos motrices. - Concepto de deportividade. - Condutas contrarias á convivencia, discriminatorias ou sexistas, en situacións motrices (discriminación por cuestións de competencia motriz, etnia, xénero ou outras): estratexias para a súa identificación e efectos negativos que levan consigo.

UD	Título da UD	Duración
2	Coñecemento do propio corpo	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a actividade física como alternativa de lecer saudable, identificando desprazamentos activos e sustentables e coñecendo os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social que supón adoptar un estilo de vida activo.	Recoñecer a actividade física como alternativa de lecer	TI	100
CA1.4 - Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física e cara ao esforzo, xestionando as emocións que xurdan en contextos de actividade motriz.	Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física		
CA1.5 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Colaborar e respectar ao resto de compañeiras e compañeiros.		
CA2.1 - Aplicar medidas de educación postural, alimentación saudable, hixiene corporal e preparación da práctica motriz, asumindo responsabilidades e xerando hábitos e rutinas en situacións cotiás.	Iniciarse no aseo e hixiene corporal tras a práctica de actividade física		
CA2.3 - Recoñecer a propia imaxe corporal e a dos demais, aceptando e respectando as características individuais e superando e rexeitando as condutas discriminatorias que se poidan producir en contextos de práctica motriz.	Recoñecer e respectar a propia imaxe corporal e a dos demais		
CA2.6 - Respectar as normas consensuadas na clase, así como as regras de xogo, actuando desde os parámetros da deportividade e do xogo limpo e valorando as achegas dos participantes.	Respectar as normas de clase e as regras dos xogos		
CA3.1 - Realizar proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo empregando estratexias básicas de monitoraxe e seguimento que permitan analizar os resultados obtidos.	Realizar proxectos motores valorando a súa mellora		
CA4.1 - Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física e cara ao esforzo, controlando a impulsividade e as emocións negativas que xurdan en contextos de actividade motriz.	Xestionar as emocións que xorden durante a práctica de actividade motriz		
CA4.3 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Amosar boa disposición para resolver os conflitos que xorden durante a actividade.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Adquirir unha visión aberta do deporte para partir do coñecemento de distintas ligas femininas, masculinas ou mixtas, achegándose ao deporte federado e identificando e rexeitando comportamentos contrarios á convivencia, independentemente do contexto no que teñan lugar.	Coñecer diferentes tipos de deporte, ligas e formación de equipos.		
CA5.1 - Empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade en distintos contextos e situacións motrices, adquirindo un progresivo control e dominio corporal sobre eles.	Mellorar o dominio corporal en distintas situacións motrices		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde física: - Efectos físicos e psicolóxicos beneficiosos dun estilo de vida activo. - Factores básicos que inciden no coidado do corpo. - Saúde social: - Aceptación de distintas tipoloxías corporais para practicar, en igualdade, diversidade de actividades físico-deportivas. - Saúde mental: - Beneficios a nivel psicolóxico dun estilo de vida activo. - Respecto e aceptación do propio corpo. - Elección da práctica física: usos e finalidades catárticos, lúdico-recreativos e cooperativos. Respecto ás eleccións dos demais. - Coidado e preparación do material, espazos e instalacións que se vaian utilizar segundo a actividade que se pretenda desenvolver. - Consolidación de pautas de hixiene persoal relacionadas coa actividade física. - Esquema corporal. - Control tónico-postural e independencia segmentaria en situacións motrices. - Conciencia e control do ritmo respiratorio en diferentes actividades. Conciencia dos diferentes tipos de respiración. - Definición da lateralidade. - Equilibrio estático e dinámico en situacións a diversas alturas e sobre superficies estables e inestables. - Coordinación dinámica xeral e segmentaria. - Autonomía persoal e confianza nas propias posibilidades: autoestima. - Habilidades sociais: escoita activa e estratexias de negociación para a resolución de conflitos en contextos motrices. - Concepto de deportividade. - Condutas contrarias á convivencia, discriminatorias ou sexistas, en situacións motrices (discriminación por

Contidos

- cuestións de competencia motriz, etnia, xénero ou outras): estratexias para a súa identificación e efectos negativos que levan consigo.
- Usos comunicativos da corporalidade: comunicación de sensacións, sentimentos, emocións e ideas simples.

UD	Título da UD	Duración
3	Percepción espazo-temporal	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a actividade física como alternativa de lecer saudable, identificando desprazamentos activos e sustentables e coñecendo os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social que supón adoptar un estilo de vida activo.	Recoñecer a actividade física como alternativa de lecer saudable	TI	100
CA1.4 - Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física e cara ao esforzo, xestionando as emocións que xurdan en contextos de actividade motriz.	Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física		
CA1.5 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Colaborar e respectar ao resto de compañeiras e compañeiros.		
CA2.1 - Aplicar medidas de educación postural, alimentación saudable, hixiene corporal e preparación da práctica motriz, asumindo responsabilidades e xerando hábitos e rutinas en situacións cotiás.	Iniciarse no aseo e hixiene corporal tras a práctica de actividade física		
CA2.6 - Respectar as normas consensuadas na clase, así como as regras de xogo, actuando desde os parámetros da deportividade e do xogo limpo e valorando as achegas dos participantes.	Respectar as normas de clase e as regras dos xogos.		
CA3.2 - Adoptar decisións en situacións lúdicas, xogos e actividades deportivas, axustándose ás demandas derivadas dos obxectivos motores, das características do grupo e da lóxica interna de situacións individuais, de cooperación e de oposición, en contextos simulados de actuación.	Responder axeitadamente a distintas situacións motrices.		
CA4.1 - Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física e cara ao esforzo, controlando a impulsividade e as emocións negativas que xurdan en contextos de actividade motriz.	Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física		

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Amosar boa disposición para resolver os conflitos que xorden durante a actividade.		
CA4.4 - Adquirir unha visión aberta do deporte para partir do coñecemento de distintas ligas femininas, masculinas ou mixtas, achegándose ao deporte federado e identificando e rexeitando comportamentos contrarios á convivencia, independentemente do contexto no que teñan lugar.	Coñecer diferentes tipos de deporte, ligas e formación de equipos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde mental: <ul style="list-style-type: none"> - Autoconecemento e identificación de fortalezas e debilidades ou posibilidades e limitacións en todos os ámbitos (social, físico e mental). - Elección da práctica física: usos e finalidades catárticos, lúdico-recreativos e cooperativos. Respecto ás eleccións dos demais. - Coidado e preparación do material, espazos e instalacións que se vaian utilizar segundo a actividade que se pretenda desenvolver. - Consolidación de pautas de hixiene persoal relacionadas coa actividade física. - Toma de decisións: <ul style="list-style-type: none"> - Localización no espazo en situacións cooperativas. - Posicionamento no espazo e recolocación tras cada acción en situacións motrices de persecución e de interacción cun móbil. - Autonomía persoal e confianza nas propias posibilidades: autoestima. - Habilidades sociais: escoita activa e estratexias de negociación para a resolución de conflitos en contextos motrices. - Concepto de deportividade. - Condutas contrarias á convivencia, discriminatorias ou sexistas, en situacións motrices (discriminación por cuestións de competencia motriz, etnia, xénero ou outras): estratexias para a súa identificación e efectos negativos que levan consigo.

UD	Título da UD	Duración
4	Acrosport	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a actividade física como alternativa de lecer saudable, identificando desprazamentos activos e sustentables e coñecendo os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social que supón adoptar un estilo de vida activo.	Recoñecer a actividade física como alternativa de lecer saudable	TI	100
CA1.2 - Aplicar medidas de educación postural, alimentación saudable, hixiene corporal e preparación da práctica motriz, asumindo responsabilidades e xerando hábitos e rutinas en situacións cotiás.	Iniciarse no aseo e hixiene corporal tras a práctica de actividade física		
CA1.4 - Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física e cara ao esforzo, xestionando as emocións que xurdan en contextos de actividade motriz.	Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física		
CA1.5 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Colaborar e respectar ao resto de compañeiras e compañeiros		
CA2.1 - Aplicar medidas de educación postural, alimentación saudable, hixiene corporal e preparación da práctica motriz, asumindo responsabilidades e xerando hábitos e rutinas en situacións cotiás.	Realizar o quentamento antes da práctica e estiramento muscular ao rematar		
CA2.6 - Respectar as normas consensuadas na clase, así como as regras de xogo, actuando desde os parámetros da deportividade e do xogo limpo e valorando as achegas dos participantes.	Respectar as normas de clase e as regras dos xogos		
CA4.1 - Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física e cara ao esforzo, controlando a impulsividade e as emocións negativas que xurdan en contextos de actividade motriz.	Xestionar as emocións que xorden durante a práctica de actividade motriz		
CA4.3 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Amosar boa disposición para resolver os conflitos que xorden durante a actividade.		
CA4.4 - Adquirir unha visión aberta do deporte para partir do coñecemento de distintas ligas femininas, masculinas ou mixtas, achegándose ao deporte federado e identificando e rexeitando comportamentos contrarios á convivencia, independentemente do contexto no que teñan lugar.	Respectar os roles de xénero do Acrosport.		
CA4.5 - Reproducir distintas combinacións de movementos ou coreografías individuais e grupais con intención comunicativa e que transmitan sentimentos, emocións ou ideas a través do corpo, empregando os distintos recursos expresivos e rítmicos da corporalidade.	Reproducir distintas combinacións de movementos e figuras de Acrosport		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.2 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Desenvolver habilidades sociais de inclusión e axuda.		
CA5.4 - Adquirir unha visión aberta do deporte para partir do coñecemento de distintas ligas femininas, masculinas ou mixtas, achegándose ao deporte federado e identificando e rexeitando comportamentos contrarios á convivencia, independentemente do contexto no que teñan lugar.	Coñecer diferentes tipos de deporte, ligas e formación de equipos.		
CA5.5 - Reproducir distintas combinacións de movementos ou coreografías individuais e grupais con intención comunicativa e que transmitan sentimentos, emocións ou ideas a través do corpo, empregando os distintos recursos expresivos e rítmicos da corporalidade.	Empregar os recursos expresivos do corpo nunha actividade estética.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde física: - Educación postural en accións motrices habituais. - Factores básicos que inciden no coidado do corpo. - Saúde social: - Aceptación de distintas tipoloxías corporais para practicar, en igualdade, diversidade de actividades físico-deportivas. - Saúde mental: - Respecto e aceptación do propio corpo. - Autoconecemento e identificación de fortalezas e debilidades ou posibilidades e limitacións en todos os ámbitos (social, físico e mental). - Elección da práctica física: usos e finalidades catárticos, lúdico-recreativos e cooperativos. Respecto ás eleccións dos demais. - Coidado e preparación do material, espazos e instalacións que se vaian utilizar segundo a actividade que se pretenda desenvolver. - Consolidación de pautas de hixiene persoal relacionadas coa actividade física. - Xestión emocional: recoñecemento de emocións propias, pensamentos e sentimentos a partir de experiencias motrices. - Autonomía persoal e confianza nas propias posibilidades: autoestima. - Habilidades sociais: escoita activa e estratexias de negociación para a resolución de conflitos en contextos motrices. - Concepto de deportividade.

Contidos
- Condutas contrarias á convivencia, discriminatorias ou sexistas, en situacións motrices (discriminación por cuestións de competencia motriz, etnia, xénero ou outras): estratexias para a súa identificación e efectos negativos que levan consigo. - Práctica de actividades rítmico-musicais con carácter expresivo. - Deporte e perspectiva de xénero: ligas masculinas, femininas e mixtas de distintos deportes. Referentes no deporte de distintos xéneros.

UD	Título da UD	Duración
5	Habilidades Motrices Básicas 1	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a actividade física como alternativa de lecer saudable, identificando desprazamentos activos e sustentables e coñecendo os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social que supón adoptar un estilo de vida activo.	Recoñecer a actividade física como alternativa de lecer saudable	TI	100
CA1.2 - Aplicar medidas de educación postural, alimentación saudable, hixiene corporal e preparación da práctica motriz, asumindo responsabilidades e xerando hábitos e rutinas en situacións cotiás.	Iniciarse no aseo e hixiene corporal tras a práctica de actividade física		
CA1.4 - Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física e cara ao esforzo, xestionando as emocións que xurdan en contextos de actividade motriz.	Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física		
CA1.5 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Colaborar e respectar ao resto de compañeiras e compañeiros.		
CA2.4 - Realizar proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo empregando estratexias básicas de monitoraxe e seguimento que permitan analizar os resultados obtidos.	Realizar proxectos motores valorando a súa mellora		
CA2.5 - Adoptar decisións en situacións lúdicas, xogos e actividades deportivas, axustándose ás demandas derivadas dos obxectivos motores, das características do grupo e da lóxica interna de situacións individuais, de cooperación e de oposición, en contextos simulados de actuación.	Responder axeitadamente a distintas situacións motrices.		
CA2.6 - Respectar as normas consensuadas na clase, así como as regras de xogo, actuando desde os parámetros da deportividade e do xogo limpo e valorando as achegas dos participantes.	Respectar as normas de clase e as regras dos xogos		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Realizar proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo empregando estratexias básicas de monitoraxe e seguimento que permitan analizar os resultados obtidos.	Participar en actividades cooperativas e colaborativas		
CA3.3 - Empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade en distintos contextos e situacións motrices, adquirindo un progresivo control e dominio corporal sobre eles.	Empregar compoñentes da motricidade para dar respostas axeitadas		
- Uso de tecnoloxías de comunicación e información como recurso de aprendizaxe (CDs, vídeos, webs...) xa que ofrecen máis variedade e posibilidades de acceder a contidos reais.

- Potenciación das aprendizaxes significativas partindo sempre da realidade e do que se coñece para facilitar a súa comprensión.
- Ambiente de traballo cómodo para evitar a inhibición.
- Atención á diversidade do alumnado á hora de seleccionar contidos e respectar o ritmo de aprendizaxe.
- Metodoloxía baseada no descubrimento guiado e na participación e implicación activa do alumnado.
- Os erros serán considerados como parte do proceso de aprendizaxe e fonte de coñecemento.
- Continuación de traballo con rutinas e repeticións de actividades básicas para que o alumnado se sinta máis seguro.

Dada a casuística da materia no tocante á cantidade de sesións desta -1 sesión semanal- o número total destas por curso adoita ser unhas 35. Para a optimización da súa impartición, empregárase como recurso, na páxina web do centro, unha sección específica para esta materia. Nesta o alumnado poderá acceder a:

- recursos dixitais empregados na clase e/ou para levar a cabo tarefas encomendadas.
- ligazóns de interese relacionadas coa materia.
- outras que poidan ir xurdindo ao longo do curso.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Pantalla dixital
Ordenador: con diferentes aplicacións e programas de software libre (Plan Dixital): reprodución audio e vídeo, editor partituras, gravación, etc.
Altosfalantes
Pinceis e témperas
Ceras, rotuladores, lapis de cores, pegamento e tesoiras
Imaxes de obras de Gaudí
Bloc de debuxo e cartolinas
Páxina web do centro: sección Aula de EPV/Aula Virtual
Estoxo
Deseños incompletos da obra de Gaudí
Pasta de modelaxe
Regra, escuadro e cartabón

A aula usada para a impartición de Educación Plástica e Visual neste centro é a aula base. É unha aula con ventanais que permiten a entrada de luz natural e tamén é unha aula ampla que facilita a posibilidade de diferentes agrupamentos para realizar distintas actividades.

Conta cun ordenador conectada á pantalla dixital que favorece o traballo coas novas tecnoloxías.

O material empregado está dentro da aula, nunha estantería adicada unicamente ao material plástico (folios, cores, pinturas, tesoiras, cartolinas...).

Cando o material se esgota hai unha pequena zona situada no corredor que serve de almacén de material para todo o edificio e do que se fai inventario de xeito regular.

A sección desta materia na páxina web do centro servirá para varias cuestións, como así se pode comprobar no punto das concrecións metodolóxicas.

O alumnado deberá ter, traer e facerse responsable do seu material e a limpeza deste: estoxo.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Revisados os informes individualizados do noso alumnado; de especial interese é a información deste ampliada por parte das persoas titoras do curso anterior ao ser posible unha reunión presencial con estas dado que continúan no equipo docente do centro.

Realizarase unha proba durante as 4 primeiras sesións a modo de avaliación inicial e a través de produción/s concreta/s que permita establecer uns criterios claros do nivel mínimo de cada alumna/o. Esta consistirá na realización dun debuxo persoal onde se observará e valorará o avance e progreso da etapa pre-esquemática: aproximación á forma definida á hora de debuxar, se a composición ten algo de perspectiva, tamaño normal no debuxo, emprego de cores primarias nas imaxes e rectas trazadas con soltura e seguridade.

A partir do conxunto de datos obtidos do anteriormente citado tratarase co DO (ou alomenos comunicaranse, e a través da titoría, aquelas medidas que xa pode realizar e/ou realizará a persoa docente na aula, como por exemplo un reforzo dentro desta ou unha atención máis individualizada); de ser posible e/ou necesario sería importante e interesante que esta xuntanza fose xunto coa persoa titora e co resto de equipo docente da aula para poder convir o modo intervención daquelas posibles dificultades atopadas, especialmente das que precisen persoal docente adicional e/ou solicitude ao DO.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	18	18	24	40	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

A totalidade dos CA da presente PD serán avaliados por medio dunha táboa de indicadores, da cal se levará un rexistro cunhas escalas de valoración/rúbrica, pois un grande número delas son de observación.

Para o cálculo da nota de cada avaliación terase en conta a seguinte fórmula:

NOTA PRIMEIRA AVALIACIÓN= Traballos en aula: 70%. Actitude: 30%.

NOTA SEGUNDA AVALIACIÓN= Traballos en aula: 70%. Actitude: 30%.

NOTA TERCEIRA AVALIACIÓN= Traballos en aula: 70%. Actitude: 30%.

A cualificación da avaliación final da materia calcularase aplicando a seguinte fórmula:

NOTA AVALIACIÓN FINAL: Nota 1ª avaliación x 0.2 + nota 2ª avaliación x 0.3 + nota 3ª avaliación x 0.5

Deste xeito, un aprobado na terceira avaliación implica un aprobado na avaliación final, dada a natureza da avaliación continua que se persegue na materia.

O resultado dos cálculos redondearase cara a unidade seguinte, sempre e cando o número das décimas sexa cinco ou maior que cinco.

Criterios de recuperación:

De acordo co artigo 20 da Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, así como a orde de 25 de xaneiro de 2022, a avaliación durante a etapa de Educación Primaria será continua e global, tendo en conta o proceso de aprendizaxe. Feito polo cal, aprobando avaliacións posteriores recupéranse avaliacións anteriores, de ser o caso.

6. Medidas de atención á diversidade

Non todo o alumnado aprende da mesma forma e ao mesmo ritmo, por iso realizaránse actividades a distinto nivel:

- Actividades programadas para todo o grupo.
- Actividades de reforzo para o alumnado cun ritmo lento e baixa comprensión.
- Actividades de ampliación para alumnado cunha aprendizaxe máis rápida.
- Xogos adicionais con cartas, taboleiros...

Porase énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria. Así, tan rápido como se detecten dificultades específicas de aprendizaxe farase un reforzo educativo coa finalidade de que este adquira os coñecementos necesarios para continuar o proceso educativo.

No caso de alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso seguiranse as indicacións establecidas no artigo 50 da ORDE do 8 de setembro de 2021 (de atención á diversidade) en relación ao preceptivo plan específico de reforzo, que ten como obxectivo atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición.

Tamén se farán adaptacións curriculares significativas para aquel alumnado que presente necesidades educativas especiais onde se reducen e simplifican actividades mostrando a forma máis sinxela de facelas.

No caso de alumnado con altas capacidades ampliaranse os seus coñecementos debido á súa rápida aprendizaxe.

Alumnado inmigrante con descoñecemento da lingua: neste centro danse moitos casos de incorporación de alumnado que accede ao centro unha vez iniciado ou xa moi avanzado o curso. Levarase a cabo a valoración polo Departamento de Orientación para determinar o nivel curricular. Establecerase Reforzo Educativo e traballarase na comunicación facendo moito máis fincapé a través de imaxes.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.5 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento	X	X	X	X
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos		X		
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X	X	X	X
ET.9 - Educación para a saúde	X	X	X	X

Observacións:

Os elementos transversais, eiqú numerados, 1-6, 8 e 9 trabállanse con regularidade no propio traballo de cada UD, ben sexa coas rutinas ou coas diferentes actividades que desenvolven os contidos.

O elemento transversal 7 traballarase, de xeito especial, a través da conmemoración do Día da Paz e non Violencia.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Decorar os corredores trimestralmente.	Decoración dos corredores cos traballos propostos para celebrar as conmemoracións escolares realizadas.			
Exposicións dos traballos realizados en cada UD.	Exposición destes en diferentes espazos do centro: corredores, patio, espazos comúns...			
Exposición con invitación ás familias.	No 3º trimestre exposición guiada das obras de Gaudí no patio do centro polo alumnado con invitación ás familias.			
Colaboración no Xornal do Centro.	No 3º trimestre colabórase elixindo un dos traballos grupais realizados durante o curso para editar no Xornal.			

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Realizouse unha enquisa ao alumnado sobre a práctica docente.
Adecuouse o deseño das UD ás características e necesidades do alumnado.

Aportouse información ao persoal docente titor.
Funcionalidade da PD: revisouse ao longo do curso e foi práctica e útil para acadar os obxectivos propostos.
Cumpríuse a temporalización inicialmente establecida.
A persoa docente empregou as metodoloxías reflectidas na PD.
Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
Leváronse a cabo as medidas de atención á diversidade e foron efectivas.
Máis do 80% do alumnado superou a materia.
Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado.
Apoíouse a implicación das familias no traballo do alumnado.

Descrición:

En liñas xerais, e agás a enquisa, farase un seguimento trimestral para a comprobación dos indicadores de logro; neste senso, un cadro destes xunto co seu resultado incluírase, alomenos, nas correspondentes actas de ciclo.

A enquisa ao alumnado realizarase cara o remate do 3º trimestre, e incluíranse, entre outras, unha pregunta de escala na que este valore a facilidade coa que comprendeu as instrucións dadas, así como outra/s relacionada/s sobre a adecuación do deseño das UD en base ás súas necesidades.

De cara a reflectir a comunicación realizada da información ao persoal titor será suficiente con que este último así o faga constar nas correspondentes actas de ciclo e/ou en cada unha das actas posteriores á Xunta de Avaliación trimestral; neste centro a comunicación da información será, polo xeral, a través dunha pequena xuntanza, podendo ampliarse esta a través de comunicación electrónica.

Na funcionalidade da PD tamén se incluírán observacións das posibles necesidades e/ou propostas de cambio, reflectindo, especialmente, e entre outros puntos, se o número de sesións se adecúan e se estas son suficientes, de cara á elaboración de seguintes PD.

Ao mesmo tempo, o referido seguimento desta funcionalidade da PD, así como o cumprimento da temporalización, o emprego das diferentes metodoloxías e instrumentos de avaliación e as medidas de atención á diversidade faranse a través do propio PROENS, pois estas veñen eiquí recollidas.

Para medir a consecución da participación activa de todo o alumnado e o apoio de implicación das familias no traballo do alumnado reflectírase o índice destes no rexistro diario de aula.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Tralo remate de cada trimestre revisarase a PD. Dita revisión terá en conta os seguintes puntos:

1. Seguimento da PD no apartado correspondente do PROENS:
 - Reunións trimestrais do equipo docente da coordinación de ciclo.
 - No tocante ás UD: data de inicio e final, número de sesións previstas e realizadas.
 - Grao de cumprimento da PD con carácter xeral dos indicadores de logro desta.
 - Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Análise da situación no tocante ás dificultades atopadas no alumnado:
 - Se os resultados fosen positivos continuarase na mesma liña de traballo.
 - Se os resultados fosen negativos levaranse a cabo propostas de mellora.

Accións de mellora:

- Ofrécese ao alumnado as explicacións individualizadas.
- Elaboración de actividades atendendo ás dificultades mostradas.
- Probas de avaliación de distinta dificultade.
- Comentar co alumnado os fallos máis significativos dos traballos realizados.

En función do anterior:

- Revisión das necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, ACS, etc.)

3. Actividades complementarias (realizadas ou non).

A avaliación dos datos recollidos farase mediante o cadro referido no apartado 8.1. ao que se lle engadirá, a maiores, os cadros precisos que inclúan a información adicional do presente apartado xunto coa información e resultados destes; posteriormente incluíranse como anexo nas correspondentes actas da coordinación de ciclo. Así mesmo, esta información será incluída na memoria final da materia, con especial relevancia nas posibles propostas de mellora para levar a cabo no seguinte curso académico.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15015652	CEIP Apóstolo Santiago	Santiago de Compostela	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua castelá e literatura	4º Pri.	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	78
4.2. Materiais e recursos didácticos	79
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	80
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	80
6. Medidas de atención á diversidade	81
7.1. Concreción dos elementos transversais	81
7.2. Actividades complementarias	83
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	83
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	84
9. Outros apartados	84

1. Introducción

O grupo de 4ªA de EP, a día de hoxe, está formado por 11 nenos e 7 nenas . Hai 10 alumnos con NEAE e 1 con NEE cunha discapacidade recoñecida dun 65%.

Este alumno presenta ao longo da xornada lectiva frecuentes condutas disrutivas (cuspir, rabuñar, trabar, meter obxectos na boca, basicamente rotuladores, escapar e coller cousas doutros espazos do centro,...) que dificultan en gran medida a súa atención e a atención ao resto do alumnado do gupo. Moitas veces hai que deixar de realizar as actividades lectivas para reconducir a súa conduta.

A finais de novembro empezou unha escolarización combinada con ASPANAES, está no centro de luns a mércores e vai ao outro centro xoves e venres.

Hai outros dous alumnos cun desfase curricular moi importante e un ritmo de traballo moi lento que están pendentes de valorar. Un que se incorporou no mes de novembro procedente de Venezuela e unha alumna que se incorporou no treceiro trimestre do curso pasado.

O resto presentan en xeral un nivel bastante bo.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Recoñecer a diversidade lingüística do mundo a partir da identificación das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e multicultural de España para favorecer a reflexión interlingüística, para identificar e rexeitar estereotipos e prexuízos lingüísticos, e para valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais identificando o sentido xeral e a información máis relevante, e valorando con axuda aspectos formais e de contido básicos para construír coñecemento e responder a diferentes necesidades comunicativas.	2	2	1	3	3	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia, claridade e rexistro adecuados para expresar ideas, sentimentos e conceptos; construír coñecemento; establecer vínculos persoais; e participar con autonomía e unha actitude cooperativa e empática en interaccións orais variadas.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender e interpretar textos escritos e multimodais, recoñecendo o sentido global, as ideas principais e a información explícita e implícita, e realizando con axuda reflexións elementais sobre aspectos formais e de contido, para adquirir e construír coñecemento e para responder a necesidades e intereses comunicativos diversos.	2-3-5	2	1	1	4-5			

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais, con corrección gramatical e ortográfica básicas, seriando correctamente os contidos e aplicando estratexias elementais de planificación, textualización, redacción, revisión e edición para construír coñecemento e para dar resposta a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Buscar, seleccionar e contrastar información procedente de dúas ou máis fontes, de forma planificada e co debido acompañamento, avaliando a súa fiabilidade e recoñecendo algúns riscos de manipulación e desinformación, para transformala en coñecemento e para comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista persoal e respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	5	2	3	
OBX7 - Ler de maneira autónoma obras diversas seleccionadas atendendo aos seus gustos e intereses, compartindo as experiencias de lectura, para iniciar a construción da identidade lectora, para fomentar o gusto pola lectura como fonte de pracer e para gozar da súa dimensión social.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e analizar, de maneira acompañada, obras ou fragmentos literarios adecuados ao seu desenvolvemento, establecendo relacións entre eles e identificando o xénero literario e as súas convencións fundamentais, para iniciarse no recoñecemento da literatura como manifestación artística e fonte de pracer, coñecemento e inspiración para crear textos de intención literaria.	1-2-4							1-2-3-4
OBX9 - Reflexionar de forma guiada sobre a linguaxe a partir de procesos de produción e comprensión de textos en contextos significativos, utilizando a terminoloxía elemental adecuada para iniciarse no desenvolvemento da conciencia lingüística e para mellorar as destrezas de produción e comprensión oral e escrita.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática utilizando unha linguaxe non discriminatoria e detectando e rexeitando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Respeto mi planeta	Adoptar medidas urgentes para combatir el cambio climático y sus efectos.	8	11	X		
2	iElegimos reutilizar!	Garantizar modalidades de consumo y producción sostenibles.	8	12	X		
3	iDisfrutemos de la vida silvestre!	Gestionar sosteniblemente los bosques, luchar contra la desertificación, detener e invertir la degradación de las tierras, detener la pérdida de biodiversidad.	8	11	X		
4	Me gusta leer	Reducir la desigualdad en y entre los países.	9	12	X		
5	Expreso mis emociones	Garantizar una vida sana y promover el bienestar para todos en todas las edades.	8	12		X	
6	Inventamos maravillas	Industria, innovación e infraestructuras. Construir infraestructuras resilientes, promover la industrialización sostenible y fomentar la innovación.	8	10		X	
7	Protegemos el mar	Conservar y utilizar sosteniblemente los océanos, los mares y los recursos marinos.	8	12		X	
8	Defendemos la igualdad	Lograr la igualdad entre los géneros y empoderar a todas las mujeres y las niñas.	10	12		X	
9	Usamos energías renovables	Garantizar el acceso a una energía asequible, segura, sostenible y moderna.	8	12			X
10	Aprendo a estudiar	Garantizar una educación inclusiva, equitativa y de calidad y promover oportunidades de aprendizaje durante toda la vida para todos.	8	12			X
11	Convivimos con mucho arte	Promover sociedades justas, pacíficas e inclusivas.	8	12			X
12	Valoramos las tradiciones	Lograr que las ciudades sean más inclusivas, seguras, resilientes y sostenibles.	9	12			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Respeto mi planeta	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica do contido e dos elementos non verbais elementais.	Comprende de forma guiada e con apoios o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo algunhas ideas principais, as mensaxes explícitas e dos elementos non verbais elementais.		
CA3.4 - Analizar, de maneira acompañada, o contido e aspectos formais e non verbais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido, estrutura e fiabilidade como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.	Amosa interese en analizar de maneira acompañada, o contido e aspectos formais e non verbais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido, estrutura e fiabilidade como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.		
CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa e progresando, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción e revisión, coidando a presentación.	Iníciase na produción de textos escritos e multimodais sinxelos en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa e progresando, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, coidando a presentación.		
CA3.7 - Elaborar textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes con diferentes intencións comunicativas en distintos soportes, integrando recursos gráficos ou paratextuais que faciliten a comprensión do sentido global e a información relevante.	Elabora con axuda textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes con diferentes intencións comunicativas en distintos soportes, integrando recursos gráficos ou paratextuais que faciliten a comprensión do sentido global e a información relevante.		
CA3.9 - Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita.	Amosa interese por acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita.	PE	40
CA4.1 - Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.	Localiza e selecciona de forma guiada información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.		
CA5.7 - Producir, de maneira acompañada, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, recreando de maneira persoal os modelos dados, en distintos soportes e complementándoos con outras linguaxes artísticas.	Iníciase na produción, de maneira acompañada, de textos sinxelos individuais con intención literaria, recreando de maneira persoal os modelos dados, en distintos soportes e complementando con outras linguaxes artísticas.		
CA6.2 - Producir textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, iniciándose no uso das normas gramaticais e ortográficas máis sinxelas e progresando, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, individuais, de planificación, redacción, revisión e edición.	iníciase en producir textos escritos sinxelos e coherentes, en distintos soportes, iniciándose no uso das normas gramaticais e ortográficas máis sinxelas e progresando, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, individuais, de planificación, redacción, revisión e edición.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.3 - Formular conclusións elementais sobre o funcionamento da lingua, prestando especial atención á concordancia e ás relacións de significado entre as palabras (substantivos, adxectivos e verbos), a partir da observación, comparación e manipulación de palabras e enunciados, nun proceso de produción ou comprensión de textos en contextos significativos.	Amosa interese por formular conclusións elementais sobre o funcionamento da lingua, tendo en conta a concordancia e ás relacións de significado entre as palabras (substantivos, adxectivos e verbos), en contextos significativos.		
CA6.4 - Revisar os textos propios e alleos, de maneira acompañada, a partir da observación, comparación e manipulación de palabras nun proceso de mellora na produción e comprensión de textos e mediante o uso guiado de dicionarios físicos ou dixitais.	Revisa os textos propios e alleos, de maneira acompañada e con apoios, a partir da observación, comparación e manipulación de palabras nun proceso de mellora na produción e comprensión de textos e mediante o uso guiado de dicionarios físicos ou dixitais.		
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais da súa contorna, incluída unha aproximación ás linguas de signos, identificando algunhas expresións de uso cotián.	Coñece algunhas linguas e variedades dialectais da súa contorna, incluída unha aproximación ás linguas de signos, identificando algunhas expresións de uso cotián.		
CA1.2 - Identificar, con certa autonomía e en contextos próximos, prexuízos e estereotipos lingüísticos frecuentes, achegando alternativas e recoñecendo a pluralidade lingüística da súa contorna como unha fonte de riqueza cultural.	Identifica, de forma guiada e en contextos próximos, algúns prexuízos e estereotipos lingüísticos frecuentes, achegando alternativas e recoñecendo a diversidade lingüística da súa contorna como unha fonte de riqueza cultural.		
CA1.4 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación.	Rexeita de forma guiada os usos lingüísticos discriminatorios e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación.		
CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións cotiás.	Amosa interese en ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións cotiás.	TI	60
CA2.4 - Elaborar textos orais e multimodais coherentes, con planificación acompañada, axustando o discurso á situación comunicativa e utilizando recursos non verbais básicos.	Iníciase na elaboración de textos orais e multimodais sinxelos, coherentes, con planificación acompañada, axustando o discurso á situación comunicativa e utilizando recursos non verbais básicos		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e o acompañamento necesarios, estratexias básicas para a comunicación asertiva e o consenso, progresando na xestión dialogada de conflitos.	Iníciase ,coa planificación e o acompañamento necesarios, na mobilización de estratexias básicas e simples para a comunicación asertiva e o consenso, progresando na xestión dialogada de conflitos.		
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos, identificando o sentido global e a información relevante e integrando, de maneira progresivamente autónoma, a información explícita.	Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Utilizar estratexias para a comprensión lectora de textos de diversa tipoloxía, identificando palabras clave, realizando inferencias e anticipando hipóteses.	Utiliza de forma pautada estratexias para a comprensión lectora de textos de diversa tipoloxía, identificando palabras clave, realizando inferencias e anticipando hipóteses.		
CA3.11 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e a discriminación polo uso da lingua galega, e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Amosa interese por rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e a discriminación polo uso da lingua galega, e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais tendo en conta unha perspectiva de xénero.		
CA4.2 - Compartir os resultados dun proceso de investigación sinxelo, individual ou grupal, sobre algún tema de interese persoal, realizado de maneira progresivamente autónoma, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes, incluídas as dixitais.	Comparte os resultados dun proceso de investigación sinxelo sobre temas de interese persoal, que implique a localización, selección de información de distintas fontes, incluídas as dixitais de forma guiada e con apoios.		
CA4.3 - Utilizar a biblioteca de aula e centro para localizar lecturas axeitadas ao seu gusto persoal e intereses, aplicando as normas básicas do seu funcionamento.	Amosa interese por utilizar a biblioteca de aula e centro para localizar lecturas axeitadas ao seu gusto persoal e intereses, aplicando as normas básicas do seu funcionamento.		
CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías da información e da comunicación para a procura e tratamento guiado da información.	-Iníciase con axuda na adopción de hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías da información e da comunicación para a procura e tratamento guiada da información.		
CA4.5 - Ler de maneira autónoma ou acompañada textos de diversos autores e autoras axustados aos seus gustos e intereses avanzados na construción da súa identidade lectora.	Iníciase na lectura autónoma de textos sinxelos de diversos autores e autoras axustados aos seus gustos e intereses avanzados na construción da súa identidade lectora.		
CA4.6 - Compartir oralmente a experiencia de lectura, participando, de forma acompañada ou autónoma, en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Iníciase en compartir a experiencia lectora en comunidades lectoras de ámbito escolar.		
CA5.1 - Ler de maneira autónoma ou acompañada textos de diversos autores e autoras axustados aos seus intereses, facendo valoracións persoais das obras literarias de forma guiada para fomentar o gusto pola lectura e avanzar na construción da súa identidade lectora.	Iníciase na lectura de maneira autónoma ou acompañada textos de diversos autores e autoras axustados aos seus intereses, facendo valoracións persoais das obras literarias de forma guiada para fomentar o gusto pola lectura e avanzar na construción da súa identidade lectora.		
CA5.6 - escoitar e ler textos variados da literatura infantil universal, que recollan a diversidade de autores e autoras, recoñecendo elementos esenciais dos distintos xéneros literarios e interpretándoos e relacionándoos con outras manifestacións artísticas de maneira acompañada.	Escoita e le de forma guiada textos sinxelos da literatura infantil universal, que recollan diversidade de autores e autoras, interpretándoos e relacionándoos con outras manifestacións artísticas .		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Biografía lingüística persoal e do seu centro educativo.
- Identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos.
- A diversidade etnocultural e lingüística como riqueza e ferramenta de reflexión interlingüística para achegarse á súa contorna.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas, tendo unha perspectiva de xénero.
- Contexto
- Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo.
- Xéneros discursivos
- Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo.
- Interese pola ampliación de vocabulario para unha mellor comunicación oral en distintas situacións.
- Estratexias para a coherencia e a cohesión á hora de expresarse oralmente.
- Procesos: interacción oral.
- Interacción oral adecuada en situacións de aula e en contextos formais e informais elementais, mobilizando estratexias básicas de cortesía lingüística e asertividade.
- Estratexias de expresión e escoita empática de necesidades, vivencias e emocións propias e alleas para a resolución dialogada dos conflitos, tendo en conta a perspectiva de xénero.
- Procesos: comprensión oral.
- Comprensión global e específica e identificación das ideas máis relevantes de textos orais de diversa tipoloxía e procedentes de diversas fontes (gravacións, medios de comunicación, escoita oral de contos infantís) realizando as inferencias necesaria
- Detección de posibles usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.
- Procesos: produción oral
- Produción de textos orais sinxelos de diferente tipoloxía, atendendo á súa intención comunicativa. Pronuncia e entoación adecuadas.
- Construción, valoración e comunicación de coñecemento mediante a planificación e produción acompañada de textos orais e multimodais.
- Creación de textos orais utilizando unha linguaxe verbal non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Contexto
- Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo.
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a adquisición de destrezas básicas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma).
- Elementos básicos de contido (tema, fórmulas fixas, léxico) e forma (estrutura, formato, título, imaxes).
- Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo e exposición.
- Estratexias para a coherencia e a cohesión na produción e reprodución de textos escritos.
- Procesos: comprensión lectora.

Contidos

- Lectura individual ou acompañada de distintos tipos de textos, con entoación e ritmo adecuados ao desenvolvemento cognitivo.
- Estratexias básicas de comprensión do sentido xeral e identificación das ideas máis relevantes de textos, realizando as inferencias necesarias.
- Elementos gráficos, textuais e paratextuais complexos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora.
- Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica.
- Procesos: produción escrita.
- Aplicación das normas ortográficas básicas e cohesión do texto: mantemento do tempo verbal, puntuación, concordancia básica e acentuación.
- Modelos e estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición de textos escritos e multimodais sinxelos, en diferentes soportes (incluíndo os dixitais), con distintos propósitos comunicativos.
- Produción de textos escritos e multimodais sinxelos, coherentes e con presentación coidada, utilizando en cada situación o modelo discursivo que corresponda.
- Estratexias básicas de uso de fontes documentais diversas, tanto en papel como dixitais, para mellorar a expresión escrita e a elaboración de textos.
- Uso de elementos gráficos e paratextuais básicos que faciliten a organización e comprensión do texto.
- Estratexias básicas na procura guiada da localización, selección e contraste de información recollida de distintas fontes, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.
- Estratexias e técnicas para comparar e clasificar a información.
- Comunicación creativa do coñecemento, con respecto pola propiedade intelectual.
- Utilización da biblioteca e dos recursos dixitais da aula ou do centro como fonte de información, aprendizaxe e lecer.
- Lectura acompañada e comentada de diversos textos literarios, adecuados aos seus intereses e organizados en itinerarios lectores.
- Construción da identidade lectora. Estratexias para a expresión de gustos e intereses e iniciación á valoración argumentada das obras.
- Estratexias básicas para a interpretación acompañada e compartida das obras a través de conversacións literarias, participando nas comunidades lectoras escolares.
- Funcionamento da biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas.
- Lectura expresiva, dramatización ou interpretación de fragmentos, atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento.
- Elementos constitutivos esenciais da obra literaria (tema, protagonista, personaxes secundarios, trama, escenario, linguaxe) na construción do sentido da obra.
- Relación entre os textos lidos e outras manifestacións artísticas e culturais.
- Elaboración de textos con intención literaria de maneira libre, a partir de modelos dados, ou recreación de textos literarios e recoñecemento de textos literarios en prosa ou en verso (contos, lendas, poemas, adiviñas, cancións e teatro), valorando o sentido estético e a creatividade.
- Os signos de puntuación elementais como mecanismos para organizar o texto escrito e para expresar a intención comunicativa e relacionándoa coa modalidade oracional.
- Aproximación á lingua como sistema con distintos niveis: sons e letras, palabras, oracións e textos. Observación e comparación de unidades comunicativas básicas de xeito individual e grupal.
- Mecanismos de coherencia e cohesión elementais, con especial atención ás repeticións e sinónimos, á orde de oracións e parágrafos, aos diferentes conectores gramaticais e textuais explicativos e ás substitucións pronominais

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - como mecanismo gramatical elemental de referencia interna. - Estratexias e técnicas elementais de recoñecemento da intención comunicativa e do uso guiado de dicionarios, en distintos soportes. - Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía e puntuación. - Procedementos elementais de adquisición e ampliación de vocabulario. Semellanzas e diferenzas de forma e significado entre palabras da mesma familia léxica ou semántica.

UD	Título da UD	Duración
2	¡Elegimos reutilizar!	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica do contido e dos elementos non verbais elementais.	Iníciase de forma guiada na comprensión o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas , e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica do contido e dos elementos non verbais elementais	PE	36
CA3.3 - Utilizar estratexias para a comprensión lectora de textos de diversa tipoloxía, identificando palabras clave, realizando inferencias e anticipando hipóteses.	Comprende o sentido global e a información relevante de textos sinxelos, escritos e multimodais, realizando inferencias a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura.		
CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa e progresando, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción e revisión, coidando a presentación.	Produce de forma guiada textos escritos e multimodais sinxelos en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo máis axeitado á situación comunicativa e progresando, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas , redacción e revisión, coidando a presentación.		
CA3.7 - Elaborar textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes con diferentes intencións comunicativas en distintos soportes, integrando recursos gráficos ou paratextuais que faciliten a comprensión do sentido global e a información relevante.	Elabora con axuda textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes con diferentes intencións comunicativas en distintos soportes, integrando recursos gráficos ou paratextuais que faciliten a comprensión do sentido global e a información relevante.		
CA3.9 - Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita.	Amosa interese por acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita.		
CA4.1 - Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.	Iníciase con apoios na localización, selección e contraste de información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados .		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.7 - Producir, de maneira acompañada, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, recreando de maneira persoal os modelos dados, en distintos soportes e complementándoos con outras linguaxes artísticas.	Interésase en producir con axuda, textos sinxelos individuais con intención literaria, recreando de maneira persoal os modelos dados, e complementándoos con outras linguaxes artísticas.		
CA6.2 - Producir textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, iniciándose no uso das normas gramaticais e ortográficas máis sinxelas e progresando, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Produce de forma guiada textos escritos e multimodais sinxelos en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo máis axeitado á situación comunicativa e progresando, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, redacción e revisión.		
CA6.3 - Formular conclusións elementais sobre o funcionamento da lingua, prestando especial atención á concordancia e ás relacións de significado entre as palabras (substantivos, adxectivos e verbos), a partir da observación, comparación e manipulación de palabras e enunciados, nun proceso de produción ou comprensión de textos en contextos significativos.	Formula con guías conclusións elementais sobre o funcionamento da lingua, prestando especial atención á relación entre substantivos, adxectivos e verbos, nun proceso acompañada de produción ou comprensión de textos en contextos significativos.		
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais da súa contorna, incluída unha aproximación ás linguas de signos, identificando algunhas expresións de uso cotián.	Coñece algunhas linguas e variedades dialectais da súa contorna, incluída unha aproximación ás linguas de signos, identificando algunhas expresións de uso cotián sinxelas de forma pautada.		
CA1.2 - Identificar, con certa autonomía e en contextos próximos, prexuízos e estereotipos lingüísticos frecuentes, achegando alternativas e recoñecendo a pluralidade lingüística da súa contorna como unha fonte de riqueza cultural.	Identifica, de forma guiada e en contextos próximos, algúns prexuízos e estereotipos lingüísticos frecuentes, achegando alternativas e recoñecendo a diversidade lingüística da súa contorna como unha fonte de riqueza cultural.		
CA1.4 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación.	Iníciase no rexeitamento dos usos lingüísticos discriminatorios e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación	TI	64
CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións cotiás.	Iníciase na ampliación paulatina do vocabulario a partir das experiencias e situacións cotiás.		
CA2.4 - Elaborar textos orais e multimodais coherentes, con planificación acompañada, axustando o discurso á situación comunicativa e utilizando recursos non verbais básicos.	Elabora de forma pautada textos orais e multimodais sinxelos, coherentes, con planificación acompañada, axustando o discurso á situación comunicativa e utilizando recursos non verbais básicos.		
CA2.5 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e iniciándose en estratexias de escoita activa.	Mostra interese en participar con apoios en interaccións orais espontáneas ou reguladas, respectando normas básicas sinxelas da cortesía lingüística e iniciándose en estratexias de escoita activa .		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.7 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Iníciase no rexeitamento dos usos lingüísticos discriminatorios e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación con perspectiva de xénero.		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e o acompañamento necesarios, estratexias básicas para a comunicación asertiva e o consenso, progresando na xestión dialogada de conflitos.	Amosar interese por mobilizar, coa planificación e o acompañamento necesarios, estratexias básicas para a comunicación asertiva e o consenso, progresando na xestión dialogada de conflitos.		
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos, identificando o sentido global e a información relevante e integrando, de maneira progresivamente autónoma, a información explícita.	Iníciase na lectura silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos, identificando o sentido global e a información relevante e integrando, de maneira progresivamente autónoma, a información explícita.		
CA3.4 - Analizar, de maneira acompañada, o contido e aspectos formais e non verbais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido, estrutura e fiabilidade como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.	Analiza, de maneira acompañada e con guías, o contido e aspectos formais e non formais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido e estrutura e iniciándose na avaliación da súa fiabilidade.		
CA3.11 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e a discriminación polo uso da lingua galega, e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Iníciase no rexeitamento dos usos lingüísticos discriminatorios e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación con perspectiva de xénero.		
CA4.2 - Compartir os resultados dun proceso de investigación sinxelo, individual ou grupal, sobre algún tema de interese persoal, realizado de maneira progresivamente autónoma, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes, incluídas as dixitais.	Comparte os resultados dun proceso de investigación sinxelo, individual ou grupal, sobre algún tema de interese persoal ou ecosocial, realizado de maneira acompañada.		
CA4.3 - Utilizar a biblioteca de aula e centro para localizar lecturas axeitadas ao seu gusto persoal e intereses, aplicando as normas básicas do seu funcionamento.	Amosa interese por utilizar a biblioteca de aula e centro para localizar lecturas axeitadas ao seu gusto persoal e intereses, aplicando as normas básicas do seu funcionamento.		
CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías da información e da comunicación para a procura e tratamento guiado da información.	Iníciase con axuda na adopción de hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías da información e da comunicación para a procura e tratamento guiada da información.		
CA4.5 - Ler de maneira autónoma ou acompañada textos de diversos autores e autoras axustados aos seus gustos e intereses avanzados na construción da súa identidade lectora.	Iníciase na lectura autónoma de textos sinxelos de diversos autores e autoras axustados aos seus gustos e intereses avanzados na construción da súa identidade lectora.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.6 - Compartir oralmente a experiencia de lectura, participando, de forma acompañada ou autónoma, en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Iníciase en compartir a experiencia lectora en comunidades lectoras de ámbito escolar.		
CA6.2 - Producir textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, iniciándose no uso das normas gramaticais e ortográficas máis sinxelas e progresando, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Produce de forma guiada textos escritos e multimodais sinxelos en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo máis axeitado á situación comunicativa e progresando, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, redacción e revisión.		
CA6.3 - Formular conclusións elementais sobre o funcionamento da lingua, prestando especial atención á concordancia e ás relacións de significado entre as palabras (substantivos, adxectivos e verbos), a partir da observación, comparación e manipulación de palabras e enunciados, nun proceso de produción ou comprensión de textos en contextos significativos.	Produce de forma guiada textos escritos e multimodais sinxelos en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo máis axeitado á situación comunicativa e progresando, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, redacción e revisión.		
CA6.4 - Revisar os textos propios e alleos, de maneira acompañada, a partir da observación, comparación e manipulación de palabras nun proceso de mellora na produción e comprensión de textos e mediante o uso guiado de dicionarios físicos ou dixitais.	Revisa os textos propios e alleos, de maneira acompañada e con apoios, a partir da observación, comparación e manipulación de palabras nun proceso de mellora na produción e comprensión de textos e mediante o uso guiado de dicionarios físicos ou dixitais.		
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais da súa contorna, incluída unha aproximación ás linguas de signos, identificando algunhas expresións de uso cotián.	Coñece algunhas linguas e variedades dialectais da súa contorna, incluída unha aproximación ás linguas de signos, identificando algunhas expresións de uso cotián sinxelas de forma pautada.		
CA1.2 - Identificar, con certa autonomía e en contextos próximos, prexuízos e estereotipos lingüísticos frecuentes, achegando alternativas e recoñecendo a pluralidade lingüística da súa contorna como unha fonte de riqueza cultural.	Identifica, de forma guiada e en contextos próximos, algúns prexuízos e estereotipos lingüísticos frecuentes, achegando alternativas e recoñecendo a diversidade lingüística da súa contorna como unha fonte de riqueza cultural.		
CA1.4 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación.	Mostra interese por rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación.	TI	65
CA2.3 - Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar con atención, recoller datos, preguntar e repreguntar.	Utiliza de forma pautada e de maneira efectiva a linguaxe oral: escoita con atención, recolle datos, pregunta e repregunta.		
CA2.4 - Elaborar textos orais e multimodais coherentes, con planificación acompañada, axustando o discurso á situación comunicativa e utilizando recursos non verbais básicos.	Elabora de forma pautada textos orais e multimodais sinxelos, coherentes, con planificación acompañada, axustando o discurso á situación comunicativa e utilizando recursos non verbais básicos		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e iniciándose en estratexias de escoita activa.	Participa de forma pautada en interaccións orais espontáneas ou reguladas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e iniciándose en estratexias de escoita activa.		
CA2.6 - Expresarse con coherencia de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións, progresando na adquisición de vocabulario.	Exprésase de forma pautada con coherencia de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións, progresando na adquisición de vocabulario.		
CA2.7 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Amosa interese por rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e o acompañamento necesarios, estratexias básicas para a comunicación asertiva e o consenso, progresando na xestión dialogada de conflitos.	Interésase por mobilizar, coa planificación e o acompañamento necesarios, estratexias básicas para a comunicación asertiva e o consenso, progresando na xestión dialogada de conflitos.		
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos, identificando o sentido global e a información relevante e integrando, de maneira progresivamente autónoma, a información explícita.	Le de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos sinxelos, identificando o sentido global e a información relevante e integrando, con axuda, a información explícita.		
CA3.8 - Coñecer o funcionamento das bibliotecas de aula, de centro e as virtuais, participando nas actividades organizadas e interesarse por manter e ampliar unha biblioteca propia.	Iníciase no coñecemento do funcionamento das bibliotecas de aula, de centro e as virtuais, participando nas actividades organizadas e interesarse por manter e ampliar unha biblioteca propia.		
CA3.9 - Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita.	Acada con axuda as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita.		
CA3.10 - Construír, a través da linguaxe e de forma progresiva, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos.	Amosa interese por construír, a través da linguaxe e de forma progresiva, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos.		
CA3.11 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e a discriminación polo uso da lingua galega, e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Amosa interese por rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.		
CA4.2 - Compartir os resultados dun proceso de investigación sinxelo, individual ou grupal, sobre algún tema de interese persoal, realizado de maneira progresivamente autónoma, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes, incluídas as dixitais.	Comparte os resultados dun proceso de investigación sinxelo, individual ou grupal, sobre algún tema de interese persoal ou ecosocial, realizado de maneira acompañada.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Utilizar a biblioteca de aula e centro para localizar lecturas axeitadas ao seu gusto persoal e intereses, aplicando as normas básicas do seu funcionamento.	Iníciase na utilización da biblioteca de aula e centro para localizar lecturas axeitadas ao seu gusto persoal e intereses, aplicando as normas básicas do seu funcionamento.		
CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías da información e da comunicación para a procura e tratamento guiado da información.	Iníciase con axuda na adopción de hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías da información e da comunicación para a procura e tratamento guiada da información.		
CA4.5 - Ler de maneira autónoma ou acompañada textos de diversos autores e autoras axustados aos seus gustos e intereses avanzados na construción da súa identidade lectora.	Iníciase na lectura autónoma de textos sinxelos de diversos autores e autoras axustados aos seus gustos e intereses avanzados na construción da súa identidade lectora.		
CA4.6 - Compartir oralmente a experiencia de lectura, participando, de forma acompañada ou autónoma, en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Iníciase en compartir a experiencia lectora en comunidades lectoras de ámbito escolar		
CA5.2 - Compartir a experiencia de lectura, en soportes diversos, mediante a realización de actividades literarias e participando en comunidades lectoras do ámbito escolar.	Amosa interese en compartir a experiencia de lectura, en soportes diversos, mediante a realización de actividades literarias e participando en comunidades lectoras do ámbito escolar.		
CA5.3 - Valorar os textos literarios e a literatura en xeral como vehículo de comunicación e como fonte de lecer e información.	Valora de forma pautada os textos literarios e a literatura en xeral como vehículo de comunicación e como fonte de lecer e información.		
CA5.4 - Identificar a biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas.	Identifica con axuda a biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas.		
CA5.5 - Incorporar a lectura expresiva e a comprensión de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos na práctica escolar.	Incorpora de forma guiada e con apoios a lectura expresiva e a comprensión de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos na práctica escolar.		
CA5.6 - escoitar e ler textos variados da literatura infantil universal, que recollan a diversidade de autores e autoras, recoñecendo elementos esenciais dos distintos xéneros literarios e interpretándoos e relacionándoos con outras manifestacións artísticas de maneira acompañada.	Escoita e le de forma guiada textos sinxelos da literatura infantil universal, con diversidade de autores e autoras, relacionándoos en función de temas e aspectos elementais do xénero literario, e relacionándoos con outras manifestacións artísticas de maneira acompañada.		
CA6.5 - Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Discrimina as categorías gramaticais e as regras de ortografía básicas para favorecer unha comunicación máis eficaz.		
CA6.6 - Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos.	Sistematiza a adquisición de vocabulario a través dos textos de forma pautada e con apoios.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos

- Biografía lingüística persoal e do seu centro educativo.
- A diversidade etnocultural e lingüística como riqueza e ferramenta de reflexión interlingüística para achegarse á súa contorna.
- Contexto
- Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo.
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a adquisición de destrezas básicas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma).
- Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo.
- Interese pola ampliación de vocabulario para unha mellor comunicación oral en distintas situacións.
- Procesos: interacción oral.
- Interacción oral adecuada en situacións de aula e en contextos formais e informais elementais, mobilizando estratexias básicas de cortesía lingüística e asertividade.
- Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando frases cunha secuencia lineal sinxela e coherente, construíndo o discurso de acordo coas necesidades comunicativas de cada situación.
- Estratexias de expresión e escoita empática de necesidades, vivencias e emocións propias e alleas para a resolución dialogada dos conflitos, tendo en conta a perspectiva de xénero.
- Procesos: comprensión oral.
- Comprensión global e específica e identificación das ideas máis relevantes de textos orais de diversa tipoloxía e procedentes de diversas fontes (gravacións, medios de comunicación, escoita oral de contos infantís) realizando as inferencias necesaria
- Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais, especialmente xestos e ton de voz que incidan no significado da mensaxe que se quere transmitir.
- Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel, que estimulen o interese e gustos.
- Estratexias para utilizar a linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe (escoitar, recoller datos e preguntar) e para a identificación e interpretación do sentido global do texto e de integración da información explícita de textos orais e multimodais sinxelos.
- Detección de posibles usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.
- Procesos: produción oral
- Produción de textos orais sinxelos de diferente tipoloxía, atendendo á súa intención comunicativa. Pronuncia e entoación adecuadas.
- Construción, valoración e comunicación de coñecemento mediante a planificación e produción acompañada de textos orais e multimodais.
- Creación de textos orais utilizando unha linguaxe verbal non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Contexto
- Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo.
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a adquisición de destrezas básicas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma).

Contidos

- Elementos básicos de contido (tema, fórmulas fixas, léxico) e forma (estrutura, formato, título, imaxes).
- Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo e exposición.
- Estratexias para a coherencia e a cohesión na produción e reprodución de textos escritos.
- Procesos: produción escrita.
- Aplicación das normas ortográficas básicas e cohesión do texto: mantemento do tempo verbal, puntuación, concordancia básica e acentuación.
- Creación de textos utilizando a linguaxe con intención informativa: carteis, anuncios, pequenos cómics.
- Modelos e estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición de textos escritos e multimodais sinxelos, en diferentes soportes (incluíndo os dixitais), con distintos propósitos comunicativos.
- Produción de textos escritos e multimodais sinxelos, coherentes e con presentación coidada, utilizando en cada situación o modelo discursivo que corresponda.
- Estratexias básicas de uso de fontes documentais diversas, tanto en papel como dixitais, para mellorar a expresión escrita e a elaboración de textos.
- Uso de elementos gráficos e paratextuais básicos que faciliten a organización e comprensión do texto.
- Valoración da propia produción escrita e da produción escrita dos compañeiros e compañeiras.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Estratexias básicas na procura guiada da localización, selección e contraste de información recollida de distintas fontes, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.
- Estratexias e técnicas para comparar e clasificar a información.
- Comunicación creativa do coñecemento, con respecto pola propiedade intelectual.
- Utilización da biblioteca e dos recursos dixitais da aula ou do centro como fonte de información, aprendizaxe e lecer.
- Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación de modo eficiente e responsable para elaborar e presentar as súas producións, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable.
- Construción da identidade lectora a partir de lecturas de textos procedentes de diversas fontes de información.
- Colaboración en comunidades lectoras de ámbito escolar a través de experiencias lectoras compartidas.
- Lectura acompañada e comentada de diversos textos literarios, adecuados aos seus intereses e organizados en itinerarios lectores.
- Construción da identidade lectora. Estratexias para a expresión de gustos e intereses e iniciación á valoración argumentada das obras.
- Estratexias básicas para a interpretación acompañada e compartida das obras a través de conversacións literarias, participando nas comunidades lectoras escolares.
- Valoración dos textos literarios da literatura en calquera lingua como vehículo de comunicación, como fonte de coñecemento da contorna, doutros mundos, tempos e culturas e como gozo persoal.
- Funcionamento da biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas.
- Lectura expresiva, dramatización ou interpretación de fragmentos, atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento.
- Comprensión, memorización e recitado de poemas progresando no ritmo, entoación e dicción.
- Elementos constitutivos esenciais da obra literaria (tema, protagonista, personaxes secundarios, trama, escenario,

Contidos

- linguaxe) na construción do sentido da obra.
- Análise guiada dos recursos expresivos e os seus efectos na recepción do texto.
- Relación entre os textos lidos e outras manifestacións artísticas e culturais.
- Elaboración de textos con intención literaria de maneira libre, a partir de modelos dados, ou recreación de textos literarios e recoñecemento de textos literarios en prosa ou en verso (contos, lendas, poemas, adiviñas, cancións e teatro), valorando o sentido estético e a creatividade.
- Identificación de xeito acompañado de recursos literarios básicos e diferenciación dos principais xéneros literarios.
- Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe.
- Os signos de puntuación elementais como mecanismos para organizar o texto escrito e para expresar a intención comunicativa e relacionándoa coa modalidade oracional.
- Aproximación á lingua como sistema con distintos niveis: sons e letras, palabras, oracións e textos. Observación e comparación de unidades comunicativas básicas de xeito individual e grupal.
- Estratexias para a elaboración guiada de conclusións propias sobre o sistema lingüístico. Transformación de enunciados (substitución, cambio de orde, manipulación), utilización, formulación e comprobación de hipóteses e contrastes entre distintas linguas.
- Establecemento de xeneralizacións sobre aspectos lingüísticos elementais (xénero, número e persoa), prestando especial atención ás relacións que se establecen entre substantivos, adxectivos e verbos, utilizando unha metalinguaxe específica elemental.
- Mecanismos de coherencia e cohesión elementais, con especial atención ás repeticións e sinónimos, á orde de oracións e parágrafos, aos diferentes conectores gramaticais e textuais explicativos e ás substitucións pronominais como mecanismo gramatical elemental de referencia interna.
- Estratexias e técnicas elementais de recoñecemento da intención comunicativa e do uso guiado de dicionarios, en distintos soportes.
- Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.
- Procedementos elementais de adquisición e ampliación de vocabulario. Semellanzas e diferenzas de forma e significado entre palabras da mesma familia léxica ou semántica.

4.1. Concrecións metodolóxicas

O alumnado debe iniciarse na utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade. Necesitamos dotar ao alumnado de ferramentas para que poidan desenvolverse en múltiples contextos dominando a lingua oral e escrita de forma funcional.

A área orientase á adquisición de habilidades imprescindibles para o desenvolvemento da capacidade de comprensión dos alumnos e alumnas, sempre a través de apoios graduais e partindo da realidade máis inmediata do alumnado.

Todo o traballo se encamiña a proporcionarlle recursos de comunicación:

-A Lectoescritura: integramos o proceso de adquisición desta destreza a través do coñecemento previo dos sons, os cales se estudan en relación cun contexto de aprendizaxe motivador e se abordan dunha maneira progresiva.

-A expresión oral: mediante a participación na clase favorécese a ampliación e utilización do vocabulario, a expresión de experiencias persoais, a formulación de conxecturas e hipóteses, etc. O mestre/a fomenta distintos tipos de situacións de comunicación oral condicionados a cada nivel e momento. Mediante o xogo e a simulación os alumnos e alumnas descubren as posibles actitudes comunicativas.

-A comprensión lectora: O alumnado chegará a distinguir os elementos estruturais das narracións e as ideas

esenciais das exposicións e a discriminar os constituintes dos distintos tipos de lectura (títulos, portadas, capítulos, etc...). Así o alumno/a comprenderá o seu valor expresivo e observará os contidos e mensaxes connotativas.

-A expresión escrita: desenvolvemos a tipoloxía textual, co fin de que o alumno/a sexa capaz de producir composicións individuais de distinta índole; ademáis aprenderá a facer esquemas e resumos, que lle axudarán a extraer as ideas principais dun texto.

Presentamos os coñecementos específicos de tipo gramatical e ortográfico como recursos necesarios para a expresión, con utilidade e aplicación práctica. Isto favorece a súa asimilación debido a que non se plantexan como obxectos estranos, susceptibles de ser memorizados, senón como unha axuda máis para a comunicación.

Procuraremos manter un compoñente lúdico xa que aquilo ao que os/as nenos/as se acercan con boa predisposición será aceptado e asimilado con maior facilidade.

Faremos propostas para traballar diversos estilos e ritmos de aprendizaxe, a igualdade e a inclusión social.

Para poder enfrontarse con éxito á sociedade do coñecemento e aos vertixinosos avances científicos e tecnolóxicos, fomentaremos a interdisciplinabilidade, potenciando a aprendizaxe global a través de propostas que promoven a integración e a conexión de contidos doutras materias.

Nesta área as nenas e os nenos iníciense no desenvolvemento das habilidades da linguaxe, por iso, deberán manexar diferentes destrezas que impliquen o traballo en grupo colaborador como unha forma de adestrar a capacidade empática, de poñerse no lugar doutras persoas e saber expresar en función do contexto e a intención comunicativa o que pode suceder en situacións reais e cotiás.

A elaboración de proxectos de traballo cooperativo constitúe unha forma de aprendizaxe significativa e auténtica, cos que se potencia:

- O respecto hacia os seus compañeiros/as.
- A responsabilidade individual e colectiva.
- A comunicación entre os membros do grupo.
- O reparto de responsabilidades.
- A diversidade enriquecida polas contribucións individuais.
- A análise crítica da información.
- A capacidade de síntese.
- A mellora das aprendizaxes.

Procuraremos usar unha metodoloxía flexible e inclusiva, dotada de técnicas e recursos educativos que mellor se adapten as necesidades particulares do alumnado.

Aproveitaremos a curiosidade e a creatividade propia do alumnado desta idade como forza motriz de todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Cómpre traballar na procura dunha adecuada interpretación dos códigos propios da comunicación no formato dixital.

A biblioteca- en colaboración coas titoras- planifica e leva a cabo actividades de fomento da lectura atendendo aos criterios que considere o equipo, e cos criterios xerais que se establezan na Programación Xeral Anual.

A competencia lectora do alumnado precisa que os poñamos en contacto con toda a diversidade de textos ao longo da súa escolaridade e que lles ofrezamos os recursos para que poidan interpretalos satisfactoriamente.

A familia debe coñecer os obxectivos: a súa colaboración resultará útil participando na dinámica do centro, estimulando a aprendizaxe, propiciando actividades compartidas, coñecendo as dificultades e as fortalezas dos seus fillos/as, achegando información sobre eles/as.

Por último, cómpre destacar que consideramos fundamental espertar no alumnado un sentimento de respecto por outras linguas, culturas ou formas de comunicación. Por esta razón, damos unha importancia prioritaria ao tratamento da multiculturalidade, reflectida tamén nos usos lingüísticos do alumnado e profesorado.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libros de texto
Internet
Fichas de elaboración propia

Outro material impreso dispoñible no centro
Xornais e revistas
Libros de lectura

CRITERIOS DE SELECCIÓN DOS MATERIAIS:

- Adecuación ao contexto educativo do centro.
- Correpondencia dos obxectivos promovidos cos enunciados no Proxecto educativo do centro.
- Coherencia dos contidos propostos cos obxectivos.
- A acertada progresión dos contidos e obxectivos, a súa correspondencia co nivel e a fidelidade á lóxica interna de cada área.
- A adecuación aos criterios de avaliación do centro.
- A variedade das actividades, diferente tipoloxía e a súa potencialidade para a atención ás diferenzas individuais.
- A claridade e amenidade gráfica e expositiva.
- A existencia doutros recursos que facilitan a actividade educativa.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Lectura en voz alta: entoación, velocidade e ritmo.

Ficha de comprensión lectora.

Ditado con instrucións ortográficas explícitas: grafía, ortografía, orde, signos de puntuación, distribución do espazo, unións e fragmentacións de palabras.

Composición escrita breve: coherencia, cohesión, concordancia, organización do espazo...

Copia do encerado dixital: tempo, organización do espazo, exactitude.

Diálogo dirixido: argumentación oral, vocabulario, conectores, interxeccións ou "muletillas"...

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	8	8	8	9	8	8	8	10	8	8
Proba escrita	40	36	42	42	35	44	41	44	42	45
Táboa de indicadores	60	64	58	58	65	56	59	56	58	55

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	8	9	100
Proba escrita	41	35	41
Táboa de indicadores	59	65	59

Criterios de cualificación:

Realizaranse unha ou dúas probas escritas por trimestre, que tratarán de recoller os aspectos sinalados nos apartados anteriores e procurarán adaptarse ao que se denomina "probas competenciais" outorgarán na avaliación a porcentaxe recollida no apartado anterior.

Mediante a observación directa, seguindo os indicadores adecuados, valoraremos os traballos, as exposicións destes, así como as interaccións orais e a actitude ante a materia e cos seus compañeiros/as. Esta táboa de indicadores terá o peso especificado en cada unidade.

Así na unidade 1, o 40% da cualificación virá dada por unha proba escrita, e o 60% restante mediante unha táboa de indicadores. No resto das unidades como se indica en cada unha delas.

Criterios de recuperación:

Teremos en conta a diversidade do alumnado para facer un ensino individualizado e personalizado, procurando adaptarnos ás características propias de cada nena e neno.

Sempre que sexa posible, partiremos de centros de interese próximos para levar a cabo as diferentes actividades precisas para a adquisición dos contidos .

Empregaremos distintos estilos de aprendizaxe á hora de propor tarefas, favorecendo o desenvolvemento de todas as habilidades e intelixencias do alumnado para favorecer a súa integración e inclusión

Partiremos do nivel de cada crianza.

Prestaremos atención individualizada sempre que sexa posible.

Procuraremos realizar correccións colectivas dos traballos que permitan unha rápida retroalimentación e axuden a xerar procesos de mellora.

As medidas con carácter curricular son o reforzo educativo e as adaptacións curriculares que se levan a cabo con algúns nenos e nenass. O reforzo educativo realízase dentro da aula ordinaria pola mestra titora e, noutras ocasións, polas mestras especialistas en pedagogía terapéutica dentro da medida das súas posibilidades.

6. Medidas de atención á diversidade

A variedade de actividades, as claves e a tarefa que se propoñen, deseñáronse para contribuír a que o alumnado adquira as aprendizaxes de maneira progresiva adecuándonos aos diversos estilos de aprendizaxe. Propóñense actividades tanto de tipo literal e reprodutivo como de carácter máis competencial que incorporan procesos cognitivos máis complexos asociados a inferencias, valoracións e creacións de produtos, combinando estratexias e destrezas de pensamento, aprendizaxe cooperativa, educación emocional, cultura emprendedora e o uso das TIC.

Na proposta didáctica e no banco de recursos web inclúense actividades complementarias de reforzo e ampliación asociadas á unidade para ofrecer unha resposta máis adaptada o amplo abanico dos estilos de aprendizaxe do alumnado.

Co alumnado de NEE procurarase traballar o mesmo que co resto do alumando pero adaptandoo á ACI que ten.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Fomento da creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Fomento do espírito científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Fomento do emprendemento	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Promover a igualdade entre mulleres e homes	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.5 - Educación para a paz	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Educación para o consumo responsable	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación para o desenvolvemento sostible	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Fomento da creatividade	X	X	X	X
ET.2 - Fomento do espírito científico	X	X	X	X
ET.3 - Fomento do emprendemento	X	X	X	X
ET.4 - Promover a igualdade entre mulleres e homes	X	X	X	X
ET.5 - Educación para a paz	X	X	X	X
ET.6 - Educación para o consumo responsable	X	X	X	X
ET.7 - Educación para o desenvolvemento sostible	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual	X	X	X	X

Observacións:

A intervención educativa buscará desenvolver e asentar progresivamente as bases que faciliten a cada alumno ou alumna unha adecuada adquisición das competencias clave previstas no Perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico, tendo sempre en conta o seu proceso madurativo individual, así como os niveis de desempeño esperados para esta etapa.

Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das áreas da etapa, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento traballaranse en todas as unidades.

De igual modo, desde todas as unidades promoverase a igualdade entre mulleres e homes a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible e a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual. Así mesmo, poñerase especial atención á orientación educativa, a educación emocional e en valores e á potenciación da aprendizaxe significativa que promova a autonomía e a reflexión.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Magosto	Costumes destas datas	X		
25 N	Violencia de xénero	X		
Constitución	Traballo sobre a constitución	X		
Proxecto de centro	Lingoreta atleta	X	X	X
Antroido	Celebraións destas datas		X	
8 de marzo	Día da muller traballadora		X	
Día do libro	Características desta data			X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.
Metodoloxía empregada
Conseguíuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado.
Medidas de atención á diversidade
Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE e NEE
Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE e NEE.
Clima de traballo na aula
Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.
Outros
Dáse un peso real á observación do traballo na aula.

Descrición:

Neste apartado preténdese promover a reflexión da práctica docente e a autoavaliación da realización e o desenvolvemento da programación didáctica. Para iso, ao finalizar cada unidade didáctica propónse unha secuencia de preguntas que permitan avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade.

Os items relacionados preséntanse en táboas que conteñen unhas casiñas numeradas do 1 ao 5 para valorar o grao de consecución de cada un deles. A continuación analizaranse nunha posta en común do profesorado do nivel ao remate de cada avaliación . Este proceso permitirá unha reflexión sobre a nosa práctica docente e posibilitará a introdución das medidas correctoras necesarias para a mellora do proceso de ensino.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Trimestralmente farase un seguimento do desenvolvemento da programación na propia aplicación PROENS, previa reunión do profesorado do nivel. A programación debe ser flexible, permitíndonos corrixir e modificar aqueles aspectos que non resultasen idóneos na posta en práctica.

Ao remate de cada avaliación, utilizando a información recollida na posta en común sobre o labor docente , as respostas ás seguintes cuestións (que se valoran entre 1 e 5) e os resultados académicos existentes, reuniremonos para a toma de decisións acordada sobre os posibles cambios que precise a nosa programación. As conclusións quedarán recollidas na acta da reunión de ciclo.

Cuestións:

1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.
6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación
8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.
9. Adecuación da secuencia de traballo na aula
10. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
11. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.
12. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.
13. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc
14. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.
15. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.
16. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.
17. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE e NEE.
18. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas
19. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.
20. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.
21. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.
22. Contribución ao plan de lectura do centro.
23. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15015652	CEIP Apóstolo Santiago	Santiago de Compostela	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua Estranxeira - Inglés	4º Pri.	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	16
4.2. Materiais e recursos didácticos	17
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	18
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	18
6. Medidas de atención á diversidade	19
7.1. Concreción dos elementos transversais	19
7.2. Actividades complementarias	20
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	20
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	21
9. Outros apartados	21

1. Introducción

Esta programación didáctica, relativa á materia de Lingua Estranxeira (Inglés), vai ser aplicada no cuarto curso dun centro público de educación infantil e primaria ubicado en Compostela. Dito centro de liña un conta con 9 unidades, sendo 3 delas de educación infantil e as outras 6 de educación primaria.

O alumnado ao cal se dirixe esta programación conta aproximadamente con nove anos de idade polo que a práctica educativa enfocárase á súa participación en actos de comunicación oral e escrita sinxelos como actividades comunicativas de comprensión, produción e interacción lingüística.

Entre eles. hai que destacar a presenza de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, para os cales se recollen nesta programación medidas específicas.

Ao longo do curso escolar, contaremos coa presenza dunha auxiliar de conversa durante unha sesión semanal. Este recurso permitirá ao alumnado achegarse á realidade inmediata do idioma e a cultura estranxeira ao tempo que se traballan os bloques de contidos relativos a esta materia de forma intradisciplinar: Bloque 1: Comunicación; Bloque 2: Plurilingüismo; Bloque 3: Interculturalidade.

O desenvolvemento dos contidos abordarase ao longo das seis unidades didácticas que conforman esta programación, quedando distribuídas dúas unidades en cada trimestre.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender o sentido xeral e información específica e predicible de textos breves e sinxelos, expresados de forma clara e na lingua estándar, facendo uso de diversas estratexias e recorrendo, cando sexa necesario, ao uso de distintos tipos de apoio, para desenvolver o repertorio lingüístico e para responder a necesidades comunicativas cotiás.	2-3	1-2	1	1	5			2
OBX2 - Producir textos sinxelos de maneira comprensible e estruturada, mediante o emprego de estratexias como a planificación ou a compensación, para expresar mensaxes breves relacionados con necesidades inmediatas e responder a propósitos comunicativos cotiás.	1	1-2	1	2	5		1	4
OBX3 - Interactuar con outras persoas usando expresións cotiás, recorrendo a estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a necesidades inmediatas do seu interese en intercambios comunicativos respectuosos coas normas de cortesía.	5	1-2	1		3	3	1-3	
OBX4 - Mediar en situacións predicibles, usando estratexias e coñecementos para procesar e transmitir información básica e sinxela, co fin de facilitar a comunicación.	5	1-2-3	1		1-3			1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Recoñecer e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando sobre o seu funcionamento e identificando as estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas en situacións coñecidas.		2	1	2	1-4-5		3	
OBX6 - Apreciar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, identificando e valorando as diferenzas e semellanzas entre linguas e culturas, para aprender a xestionar situacións interculturais.	5	3			1-3	2-3		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	I'm helping my mum	A través do traballo con esta UD o alumnado aprenderá a falar de enfermidades comúns e doenzas, así como a describir persoas baseándose nas súas características físicas en canto a estatura e cor, forma e lonxitude do cabelo.	17	17	X		
2	My day	Empregaremos vocabulario e expresións relativas a rutinas diarias relacionándoas coas horas do reloxo.	16	18	X		
3	I'm buying a present	No desenvolvemento desta UD, aprenderemos vocabulario relacionado con complementos de vestir asociados aos gustos persoais. Tamén abordaremos preposicións de lugar básicas así como o sentido de pertenza a través dos posesivos.	17	18		X	
4	I'm at the street party	Trataremos tarefas básicas cotiás a través do presente continuo. Ademais, aprenderemos algúns adxectivos asociados á personalidade e expresaremos apetencias e preferencias á hora de realizar ditas tarefas.	17	18		X	
5	I'm at the canteen	Nesta UD aprenderemos a expresar cantidades empregando there is/ there are nas súas formas afirmativas, negativas e interrogativas. Para iso, o fío condutor serán os alimentos.	17	17			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	I'm at the holiday park	Para rematar, traballaremos actividades de lecer novamente co presente continuo. Nesta ocasión, empregaremos adverbios de modo para definir o xeito en que realizamos ditas actividades.	16	17			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	I'm helping my mum	17

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e interpretar o sentido global e tamén de palabras e frases previamente presentadas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos, sobre temas frecuentes, cotiáns, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, adecuados ao nivel de desenvolvemento e expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	Recoñecer e interpretar o sentido global e tamén algunhas palabras en textos orais e escritos	PE	50
CA1.5 - Seleccionar e aplicar de forma guiada estratexias para producir mensaxes breves, útiles e sinxelas, adecuadas ás intencións comunicativas, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Expresar por escrito doenzas e características físicas		
CA2.3 - Rexistrar e aplicar, de xeito guiado, os progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira, participando en actividades de autoavaliación e coavaliación, como as propostas no portfolio europeo das linguas (PEL).	Rexistrar os progresos e as dificultades das probas realizadas		
CA1.3 - Expresar oralmente frases curtas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, seguindo modelos e utilizando recursos verbais e non verbais de forma guiada, prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expresar oralmente frases curtas coa entoación e o ritmo axeitados	TI	50
CA1.7 - Seleccionar e utilizar, de forma guiada e en situacións cotiáns, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes breves; e formular e contestar preguntas sinxelas.	Expresar mensaxes cotiáns ao chegar e despedirse: good morning, see you tomorrow, can I go to the toilet...		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.8 - Interpretar e explicar información básica de forma guiada, axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas interlocutoras e os interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Mostrar interese e empatía polos compañeiros nas interaccións		
CA2.1 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando, de forma guiada, sobre aspectos básicos do seu funcionamento.	Levar a cabo o que expresa o CA2.1 mesmo que sexa contando con axuda.		
CA3.1 - Actuar con respecto en situacións interculturais, identificando e comparando semellanzas e diferenzas elementais entre linguas e culturas, e mostrando rexeitamento fronte a discriminacións, prexuízos e estereotipos de calquera tipo en contextos comunicativos cotiáns e habituais.	Actuar con respecto en situacións interculturais, amosando rexeitamento fronte a discriminacións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. - Estratexias básicas de uso común para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados. - Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir de xeito pautado persoas, obxectos e lugares; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; describir rutinas de xeito guiado; dar indicacións e instrucións básicas e cotiás; expresar o tempo, a cantidade e o espazo. - Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas, tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número; espazo e as relacións espaciais; afirmación, exclamación, negación, interrogación. - Léxico elemental relativo a relacións persoais próximas, vivenda, lugares e contornos de interese. - Patróns sonoros, acentuais e de entoación básicos de uso común e funcións comunicativas xerais asociadas a eles. - Léxico e expresións, básicos e frecuentes relacionados coa metalinguaxe para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua e a aprendizaxe. - Estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información, e a comunicación fluída. - Estratexias e técnicas de compensación das carencias comunicativas para responder a unha necesidade elemental a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio. - Estratexias e ferramentas básicas de uso común de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas. - Comunicación e relación con persoas doutros países a través da lingua estranxeira: culturas e modos de vida diferentes. - Estratexias básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos. - Iniciación nas estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
2	My day	18

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Seleccionar e aplicar de forma guiada estratexias axeitadas en situacións comunicativas cotiás e de relevancia para o alumnado, para captar o sentido global e procesar informacións explícitas en textos breves e sinxelos sobre temas familiares.	Captar o sentido global e as palabras traballadas en textos orais e escritos	PE	50
CA1.4 - Escribir palabras, frases e textos moi breves e sinxelos sobre asuntos cotiás e de relevancia para o alumnado, con adecuación á situación comunicativa proposta, a partir de modelos e a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico elementais.	Expresar por escrito rutinas e horas do día		
CA2.3 - Rexistrar e aplicar, de xeito guiado, os progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira, participando en actividades de autoavaliación e coavaliación, como as propostas no portfolio europeo das linguas (PEL).	Rexistrar os progresos e as dificultades das probas realizadas		
CA1.6 - Participar en situacións interactivas e sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiás, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, preparadas previamente, apoiándose en recursos tales coma a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística.	Expresar oralmente frases curtas coa entoación e o ritmo axeitados	TI	50
CA1.7 - Seleccionar e utilizar, de forma guiada e en situacións cotiás, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes breves; e formular e contestar preguntas sinxelas.	Expresar mensaxes cotiás ao chegar e despedirse: good morning, see you tomorrow, can I go to the toilet...		
CA1.8 - Interpretar e explicar información básica de forma guiada, axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas interlocutoras e os interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Mostrar interese e empatía polos compañeiros nas interaccións		
CA2.2 - Utilizar e diferenciar, de forma guiada, os coñecementos e estratexias de mellora da súa propia capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Poñer interese e esforzo en facelo tal como se explica no CA2.2 aínda que non o consiga completamente.		
Para os alumnos/as con Necesidades Específicas de Apoio Educativo serán deseñadas de xeito específico de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto. Do mesmo modo, prestaráselle unha maior atención na aula e nas actividades fóra da aula, estando pendentes en todo momento do seu desempeño así como da consecución das súas tarefas individuais. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Fomento da creatividade	X	X	X
ET.2 - Fomento do espírito científico	X	X	X
ET.3 - Fomento do emprendemento		X	X
ET.4 - Promover a igualdade entre mulleres e homes	X	X	X
ET.5 - Educación para a paz	X	X	X
ET.6 - Educación para o consumo responsable	X	X	X
ET.7 - Educación para o desenvolvemento sostible	X	X	X
ET.8 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual	X	X	X

Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

Fomentaranse as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor y a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo/a e o sentido crítico

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Exposición e presentación .	Exposición do proxecto para as persoas que forman parte do seu ciclo.			X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado
Metodoloxía empregada
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Participación activa de todo o alumnado
Medidas de atención á diversidade
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades
Clima de traballo na aula
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a

temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do profesor, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do profesor, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15015652	CEIP Apóstolo Santiago	Santiago de Compostela	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Relixión Católica	4º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	12
4.2. Materiais e recursos didácticos	13
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	13
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	14
6. Medidas de atención á diversidade	15
7.1. Concreción dos elementos transversais	15
7.2. Actividades complementarias	17
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	18
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	19
9. Outros apartados	20

1. Introducción

A Programación constitúe a concreción de todo o traballo a realizar no curso, razón pola que resulta de utilidade á hora de desenvolver o ano escolar e facilitar a súa lectura e comprensión por parte de todos os membros da comunidade educativa.

A Formación Religiosa e Moral Católica conta con unha larga tradición no sistema educativo español e, respondendo as razóns da institución escolar e aos dereitos recoñecidos pola Constitución española, está garantida polo Acordo suscrito entre o Estado e a Santa Sede sobre Ensinanza e Asuntos Culturais, firmado o 3 de xaneiro de 1979, no que se establecen os principios que fan posible as garantías constitucionais. Coa incorporación da área de Religión ao currículo de Educación, a lexislación educativa en España é coherente coa Declaración Universal dos Dereitos Humanos de 1948, que recoñece o dereito a unha educación integral e o dereito das familias a elixir a educación dos fillos.

A área de Religión Católica, favorece o proceso educativo, contribúe á formación integral e desenvolvemento da personalidade do neno e nena. Contribúe á autonomía persoal e ao proxecto vital, con liberdade e responsabilidade, en diálogo coa antropoloxía cristiá. Responde á necesidade de comprender e mellorar nosa tradición cultural, as súas expresións e significado, en contextos plurais e diversos. Complementa a educación en valores humanos e cristiáns que orienta unha identidade persoal autónoma, asertiva e a súa inserción na e comunidade. O currículo da ensinanza da relixión católica constitúe unha síntese básica e global da mensaxe cristiá. Enmárcase no contexto histórico e social, inclúe parte do acervo cultural e artístico que emana da fe católica e doutras confesións, e posibilita o análises comparado dos contidos en diálogo coa cultura de noso tempo. A mensaxe cristiá, presentada no currículo, fundamenta e motiva valores e actitudes así como favorece hábitos de comportamento. Preténdese que o alumno adquira as competencias adecuadas á súa idade no tempo da cada etapa. Non pode existir unha formación integral e, polo tanto, unha educación de calidade, se non se desenvolven tódalas capacidades do ser humano, entre as que se atopa a capacidade transcendente. Esta capacidade básica adquire o seu cumprimento na busca do sentido da vida. Enraizada no máis profundo do ser, o alumno vai descubríndoa (tendo en conta os niveis de aprendizaxe propios da cada idade) nos símbolos e signos da contorna, no progreso e humanización da persoa, na linguaxe narrativa da Biblia, nos modelos cristiáns e, particularmente, na persoa de Xesucristo e a súa presenza na comunidade cristiá.

Neste contexto, tomando sempre ao alumno e alumna (coas súas características evolutivas, as súas circunstancias persoais, o seu distinto nivel de aprendizaxe, coas súas diferenzas e necesidades) como soporte fundamental intentamos facer unha síntese da mensaxe cristiá, axeitada ao alumnado, ás esixencias da materia, ás expresións culturais e ás demandas didácticas do sistema educativo.

Na planificación da programación seguimos:

- Resolución do 21 de xuño de 2022, pola que se publican os currículos das ensinanzas de Religión Católica correspondentes a Educación Infantil e Educación Primaria.
- DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, no que se establece a ordenación e o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- REAL DECRETO 157/2022, 1 de marzo, establece a ordenación e ensinanzas mínimas da Educación Primaria, indica que as ensinanzas de Religión incluíranse nesta etapa e o currículo será competencia da xerarquía eclesiástica.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir, identificar e expresar os elementos cruce da dignidade e a identidade persoal en situacións vitais próximas, a través de biografías inspiradoras e relatos bíblicos de alcance antropolóxico, para ir conformando a propia identidade e as súas relacións con autonomía, responsabilidade e empatía.	1-3			1-4	1-2-5		2-3	3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Descubrir, recoñecer e estimar a dimensión socioemocional expresada na participación en diferentes estruturas de pertenza, desenvolvendo destrezas e actitudes sociais tendo en conta algúns principios xerais da ética cristiá, para a mellora da convivencia e a sustentabilidade do planeta.	2-5	3	5	3	3	1-2-4	1	
OBX3 - Identificar e interpretar as situacións que prexudican ou melloran a boa convivencia, analizándoas coas claves persoais e sociais da proposta cristiá, para fomentar o crecemento moral, a cooperación cos demais e o desenvolvemento de valores orientados ao ben común.	1-5		3	1	3	3-4	1	3
OBX4 - Comprender e admirar o patrimonio cultural nalgunhas das súas expresións máis significativas, gozando da súa contemplación, analizando o universo simbólico e vital que transmiten, para valorar a propia identidade cultural, promover o diálogo intercultural e xerar creacións artísticas.	4	3		2-3		3		1-2-4
OBX5 - Explorar, desenvolver e apreciar a propia interioridade e experiencia espiritual, recoñecéndoa nas propias emocións, afectos, símbolos e crenzas, coñecendo a experiencia de personaxes relevantes da tradición xudeu cristián e doutras relixións, para favorecer o autoconhecimento persoal, entender as vivencias dos outros e promover o diálogo e o respecto entre as diferentes tradicións relixiosas.	1				1-3-5	3	2	1-3
OBX6 - Comprender os contidos básicos do cristianismo, valorando a súa contribución á sociedade, para dispoñer dunha síntese persoal que permita dialogar, desde a propia identidade social e cultural, con outras tradicións relixiosas e áreas de coñecemento.	2-3		4	1	4-5	1-4	3	1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O pecado afástame de ti	Concepto de pecado. O valor do perdón. O valor da Paz. A torre de Babel.	10	4	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Descubro o teu perdón	O pecado no AT O pecado orixinal. O pecado e redención no rei David.	10	4	X		
3	Celebro unha gran promesa	O Advento. O Nadal.	15	5	X		
4	Ensínasme a perdoar	Parábolas. O fillo pródigo. O valor da boa convivencia.	10	4		X	
5	Grazas pola túa axuda e amizade.	Os milagres. A caridade, solidariedade e o altruísmo.	10	4		X	
6	Alégrame cumprir a túa vontade.	A Semana Santa. A Pascua.	15	4		X	
7	Reconcíliome contigo	O sacramento do Perdón. O valor de perdoar.	10	3			X
8	Participo na túa celebración.	A Eucaristía. O valor de compartir.	10	3			X
9	Un tempo para ser solidarios.	Os tempos litúrxicos. O valor da fraternidade.	10	4			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O pecado afástame de ti	4

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e expresar a través de composicións orais, escritas e artísticas os elementos crave da dignidade e a identidade persoal, relacionándoas con diferentes situacións vitais, tendo en conta biografías e relatos bíblicos de vocación e misión.	Cualifica algún tipo de pecado en situacións da contorna e compáraas coas dos relatos bíblicos.	PE	50
CA1.2 - Desenvolver sensibilidade sobre o valor da vida e da igual dignidade do ser humano, e o seu papel no coidado da natureza, tomando como modelo personaxes bíblicos e da tradición cristiá.	Explica algunhas das ensinanzas do relato "A torre de Babel".	TI	50

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - A centralidade da persoa na mensaxe cristiá. - A dignidade do ser humano.

Contidos

- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.
- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.
- Ética do coidado: a responsabilidade, a compaixón, o perdón e o amor.

UD	Título da UD	Duración
2	Descubro o teu perdón	4

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e expresar a través de composicións orais, escritas e artísticas os elementos crave da dignidade e a identidade persoal, relacionándoas con diferentes situacións vitais, tendo en conta biografías e relatos bíblicos de vocación e misión.	Identifica a orixe do pecado nalgúns relatos bíblicos.	PE	50
CA1.11 - Comprender a importancia da alianza de Deus co pobo de Israel que ten a súa continuación en Xesucristo, e as súas achegas sociais e culturais na historia.	Describe algún comportamento do rei David que se opón a vontade de Deus. Recoñece escenas da vida de David na que Deus perdoao.	TI	50

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.
- A centralidade da persoa na mensaxe cristiá.
- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.
- A importancia da alianza de Deus co pobo de Israel.
- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.
- Ética do coidado: a responsabilidade, a compaixón, o perdón e o amor.

UD	Título da UD	Duración
3	Celebro unha gran promesa	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.8 - Observar nas celebracións litúrxicas, os espazos sacros e os sacramentos da Igrexa elementos esenciais do cristianismo, poñéndoos en relación coa vida de Xesús e a tradición da Igrexa.	Fai unha descrición dos personaxes presentes nunha obra de arte.	PE	50
CA1.7 - Admirar diferentes expresións do patrimonio cultural e da relixiosidade popular, recoñecendo a súa beleza e o seu significado relixioso e a súa vinculación con textos bíblicos, valorando a súa achega á identidade cultural.	Distingue expresións e símbolos do Advento e o Nadal.	TI	50

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - A importancia da familia e a comunidade como fonte de felicidade. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Identificación de diversos símbolos e tradicións relixiosas, en torno ao calendario litúrxico e os sacramentos.

UD	Título da UD	Duración
4	Ensínasme a perdoar	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Adquirir destrezas e habilidades sociais que potencien a súa inclusión no grupo e contornas culturais próximos, a través da lectura de pasaxes bíblicas do NovoTestamento e a análise de comportamentos de coidado, responsabilidade, solidariedade e perdón.	Relaciona aos personaxes da parábola do fillo pródigo co seu significado.	PE	30
CA1.1 - Recoñecer e expresar a través de composicións orais, escritas e artísticas os elementos cruce da dignidade e a identidade persoal, relacionándoas con diferentes situacións vitais, tendo en conta biografías e relatos bíblicos de vocación e misión.	Identifica, en obras de arte, escenas de perdón e explícaas.	TI	70
CA1.5 - Colaborar e promover cos demais a análise de situacións que prexudican ou melloran a convivencia e a posta en marcha de accións responsables que favorezan a construción dun mundo máis equitativo e inclusivo.	Dialoga sobre o tema: "Palabras para mellorar a convivencia na clase".		
CA1.9 - Recoñecer e valorar o encontro cos demais como oportunidade para o desenvolvemento da propia interioridade, tendo como referencia os encontros de Xesús de Nazaret.	Crea relatos nos que actualiza a parábola do fillo pródigo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.
- A dignidade do ser humano.
- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.
- Xesús anuncia o Reino de Deus: fraternidade e misericordia.
- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.
- Actitudes de respecto e inclusión para crear contornas de convivencia intercultural.

UD	Título da UD	Duración
5	Grazas pola túa axuda e amizade.	4

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Adquirir destrezas e habilidades sociais que potencien a súa inclusión no grupo e contornas culturais próximos, a través da lectura de pasaxes bíblicas do NovoTestamento e a análise de comportamentos de coidado, responsabilidade, solidariedade e perdón.	Subliña e comenta, en textos evanxélicos, trazos da preferencia de Xesús polos máis necesitados e enfermos.	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.
- A relación de Xesús coas persoas do seu tempo.

UD	Título da UD	Duración
6	Alégrame cumprir a túa vontade.	4

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.8 - Observar nas celebracións litúrxicas, os espazos sacros e os sacramentos da Igrexa elementos esenciais do cristianismo, poñéndoos en relación coa vida de Xesús e a tradición da Igrexa.	Describe o significado dos días da Semana Santa e da Pascua.	PE	50

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Admirar diferentes expresións do patrimonio cultural e da relixiosidade popular, recoñecendo a súa beleza e o seu significado relixioso e a súa vinculación con textos bíblicos, valorando a súa achega á identidade cultural.	Describe o significado dos símbolos da Semana Santa e da Pascua.	TI	50

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - Toma de conciencia da experiencia persoal e do modo de relacionarnos cos demais e con Deus. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Identificación de diversos símbolos e tradicións relixiosas, en torno ao calendario litúrxico e os sacramentos.

UD	Título da UD	Duración
7	Reconcíliome contigo	3

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.10 - Identificar as virtudes e actitudes que axudan a un crecemento persoal e espiritual, a través do autoconhecimento e do acceso a outras experiencias de personaxes da tradición cristiá.	Coñece e explica as condicións para acoller o perdón de Deus.	PE	50
CA1.3 - Adquirir destrezas e habilidades sociais que potencien a súa inclusión no grupo e contornas culturais próximos, a través da lectura de pasaxes bíblicas do NovoTestamento e a análise de comportamentos de coidado, responsabilidade, solidariedade e perdón.	Aplica a ensinanza do relato bíblico "Xesús e a muller pecadora" a súa vida persoal.	TI	50

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - Técnicas de mediación para a resolución pacífica de conflitos á luz do Evanxeo. - As relacións cos outros como oportunidade de autoconhecimento e crecemento persoal. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Identificación de diversos símbolos e tradicións relixiosas, en torno ao calendario litúrxico e os sacramentos. - A importancia do perdón para a construción de relacións sociais sólidas, solidarias e fraternas. O sacramento da reconciliación.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - A proposta moral cristiá para a vida en sociedade. - Hábitos e actividades para o logro dos obxectivos de desenvolvemento sostible á luz da ética cristiá.

UD	Título da UD	Duración
8	Participo na túa celebración.	3

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Distinguir algúns dos valores propios do cristianismo e a súa presentación en pasaxes dos evanxeos, para aplicar a cooperación e a mediación, a resolución pacífica de conflitos e a construción do ben común en situacións próximas.	Escribe comportamentos e compromisos concretos para practicar o valor de compartir.	PE	50
CA1.12 - Valorar a Igrexa como comunidade que continuou coa misión de Xesús resucitado, desde as primeiras comunidades cristiás ata a actualidade, recoñecendo as súas celebracións, tradicións e contribucións sociais.	Vincula símbolos e significados da Eucaristía.	TI	50

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - Relatos bíblicos de vocación e misión. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Identificación de diversos símbolos e tradicións relixiosas, en torno ao calendario litúrxico e os sacramentos. - Relatos bíblicos que describen a vida de Xesús de Nazaret cos Apóstolos e as primeiras comunidades cristiás. - A Igrexa, Pobo de Deus, como comunidade que vive e celebra. O sacramento da Eucaristía. - Aprecio da importancia de vivir a fe en comunidade para a persoa crente.

UD	Título da UD	Duración
9	Un tempo para ser solidarios.	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Apreciar as relacións sociais como fonte de felicidade e desenvolvemento persoal, tomando como punto de partida os relatos sobre a comunidade de Xesús de Nazaret, os Apóstolos e a Igrexa, asumindo responsabilidades no coidado das persoas e do planeta.	Coñece trazos dos tempos litúrxicos.	PE	80
CA1.7 - Admirar diferentes expresións do patrimonio cultural e da relixiosidade popular, recoñecendo a súa beleza e o seu significado relixioso e a súa vinculación con textos bíblicos, valorando a súa achega á identidade cultural.	Vincula símbolo e significado.		
CA1.8 - Observar nas celebracións litúrxicas, os espazos sacros e os sacramentos da Igrexa elementos esenciais do cristianismo, poñéndoos en relación coa vida de Xesús e a tradición da Igrexa.	Vincula tempo litúrxico e vida de Xesús ou tradición da Igrexa.		
CA1.6 - Distinguir algúns dos valores propios do cristianismo e a súa presentación en pasaxes dos evanxeos, para aplicar a cooperación e a mediación, a resolución pacífica de conflitos e a construción do ben común en situacións próximas.	Investiga o significado dos tempos litúrxicos.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Identificación de diversos símbolos e tradicións relixiosas, en torno ao calendario litúrxico e os sacramentos. - Transmisión do sentimento relixioso a través da música e as artes. - Antigo e Novo Testamento. - María, Nai da Igrexa. - Tipos de oración: características e diferenzas. - Obras artísticas que representan momentos da tradición bíblica e que son configuradoras da súa identidade cultural. - Valor cultural e artístico do patrimonio da diocese. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - O coidado da contorna natural e social como casa común. - Unha mirada cristiá á realidade: a toma de conciencia das situacións sociais inxustas. - Proxectos de servizo e solidariedade promovidos pola Igrexa.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Partindo das experiencias do neno e da nena, co coñecemento que nos aporta a avaliación e a observación diaria, impulsaremos unha aprendizaxe individualizada. A través de preguntas colectivas, enquisas individuais... achegáronos ao nivel do alumno para saber en cada situación o nivel de arranque, de desenvolvemento e a súa motivación (intereses, demandas, necesidades e expectativas). Tendo en conta o dito xunto coa idade do alumnado confrontaremos as súas experiencias co mensaxe cristián. Engadiremos historias e pasaxes da Biblia, situacións da vida diaria, contos, narracións que se aproximen as idades dos nenos e nenas e adaptaremos a elección do tema a súa problemática, interese e realidade. Entendendo sempre que a metodoloxía será activa (na procura da integración do neno na configuración da aprendizaxe e tendo en conta a súa participación no deseño do proceso de ensino e aprendizaxe) polo que variará e se adaptará o nivel de coñecementos e evolución dos protagonistas, que son os nenos e as nenas, así como terá en consideración as competencias que pretendemos sexan adquiridas. Intentando asegurar aprendizaxes construtivos e significativos así como favorecer a aprendizaxe autónoma. Na procura do anteriormente citado e potenciando a creatividade do alumnado traballaremos de xeito individualizado, en gran grupo ou, en ocasións, en medio ou pequeno grupo. Faremos unha gradación das actividades; estas serán diversas e porase énfase na consecución das competencias, entendendo estas como o elemento guía (como exemplo a metodoloxía a usar ten en conta a autonomía e a iniciativa do alumno, as súas motivacións a nivel persoal, social ou cultural, a súa interacción co medio social, ten presente a competencia lingüística á hora de expoñer as unidades e procura a adquisición de novo vocabulario...). Intentaremos chegar á aprendizaxe a través do xogo e de maneira lúdica. O traballo será individualizado e cooperativo.

Os plantexamentos metodolóxicos da área fundaméntanse segundo a C.E.E.: atención personalizada ao alumnado; diversidade de actividades, estratexias, recursos e outros métodos didácticos; coidado do desenvolvemento emocional e cognitivo del alumnado respectando su ritmo evolutivo; aprendizaxe individualizado e cooperativo; na relación co entorno, enfoque competencial orientado á acción, o emprendemento e a aplicación dos saberes. Terase en conta as condicións persoais, sociais e culturais dos nenos e nenas, para detectar necesidades e propoñer accións de reforzo ou ampliación flexibilizando os procesos e garantindo a inclusión. Seguimos os principios dunhas aprendizaxes dinámicas, construtivas, significativas e globalizadas.

Tendo en conta o nivel de desenvolvemento psicoevolutivo do alumno/a, e do seu nivel de coñecemento imos na procura dunha construción de aprendizaxes significativos para que poida relacionar os novos contidos cos coñecementos que xa posúe; pretendemos potenciar a súa autonomía na súa aprendizaxe, chegar a aprender a aprender. A selección de contidos, unha metodoloxía activa que favoreza a adquisición das competencias básicas, a individualización atendendo as circunstancias particulares do alumnado e unha carga de motivación, ambiente lúdico e afectividade, dando ao neno ou nena un espazo relaxado, familiar e seguro axudarannos neste proceso.

Imos na procura de que o neno e nena sexan os protagonistas:

- Partir da experiencia do alumno e da súa realidade persoal, familiar, social e cultural
- Espertar a curiosidade
- Identificar e formular as cuestións que suscitan estas situacións;
- Buscar, analizar e contrastar as experiencias coas fontes bíblicas, patrimonio artístico e outras referencias eclesiais;
- Elaborar respostas persoais e sociais dende a liberdade individual con pleno respecto as ideas alleas, contrastadas cos principios éticos do Cristianismo;
- Dialogar con outras visións, para a construción da convivencia e o ben común;
- Comunicar con asertividade e empatía ideas e crenzas con creatividade en diversas linguaxes;
- Aplicar este proceso formativo na construción da identidade persoal como preparación para toda a vida.
- Promover o pensamento autónomo a través da escoita e comprensión de relatos bíblicos, contos e representacións artísticas da mensaxe cristiá.

Intentarase unha aprendizaxe interdisciplinar, cooperando e colaborando cos docentes das outras materias ; xirando arredor do contexto do alumnado na procura de situación de aprendizaxe relacionados cos intereses da nena e do neno de tal xeito que contribúa a que este sexa capaz de dar resposta a novos retos e situacións.

Pretendemos que o neno e nena adquiran hábitos e valores necesarios para a súa vida, non só pensando no seu crecemento persoal senón tamén no seu desenvolvemento social e na súa relación coa contorna.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Aula virtual.
A Biblia.
Diversos libros sagrados.
Simbolos sagrados para as diferentes confesións.
Obxectos relixiosos.
Recursos informáticos Webs CD audio con cancións, relatos, historias bíblicas ou morais e historias das diferentes confesións relixiosas.
Murais, láminas, cadros, mapas...
Fichas do profesor con actividades de reforzo, ampliación e de avaliación.
Elaboración de libros propios, carpeta.
Diverso material funxible: cartolinas, plastilina, papel charol, gomets, papel de seda, folios, pinturas, cores..
Xogos, xoguetes.
Puzzles.
Revistas, comics.
Diferentes libros presentes na aula, libros de lectura, de consulta, de exposición.
Material de refugallo.

E característica da "pedagogía de Xesús" o emprego de todos os recursos propios da comunicación interpersonal, como a palabra, o silencio, a metáfora, a imaxe, os exemplos, os signos... Isto require unha busca de recursos adecuados para a transmisión real da súa mensaxe.

O material a usar é flexible e aberto, entendendo que cambiará axustándose ás necesidades pedagóxicas e a accesibilidade aos recursos segundo o momento.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A importancia da avaliación inicial é patente, así xa se coñeza ao alumnado de cursos anteriores, pois o seu nivel evolutivo, o grado de coñecementos e de compromiso coa ensinanza-aprendizaxe varía.

Dende a segunda ou terceira semana do primeiro trimestre (en atención ao horario da área) realizamos diversas probas de xeito oral : probas obxectivas con preguntas e respostas, completar palabras ou establecer si as afirmacións son falsas ou verdadeiras; enquisas orais; exercicios escritos onde se pinta ou rodea...

Con estes instrumentos pretendemos non só saber o que lembran do curso anterior senón achegarnos ao seu nivel de coñecementos, valorar o nivel de competencia curricular, apreciar os seus intereses e motivacións, diferenciar os seus hábitos de traballo e de conduta... A información aportada pola avaliación inicial será tida en conta á hora de elaborar a presente programación.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	15	10	10	15	10	10	10	100
Proba escrita	50	50	50	30	100	50	50	50	80	56
Táboa de indicadores	50	50	50	70	0	50	50	50	20	44

Criterios de cualificación:

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	U1	U2	U3	U4	U5	U6	U7	U8	U9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	15	10	10	15	10	10	10	100
Proba escrita	50	50	50	20	100	50	50	50	80	55
Táboa de indicadores	50	50	50	80	0	50	50	50	20	45

Criterios de cualificación:

Entendemos a avaliación como un elemento que permite recoller, en cada momento, a información necesaria para poder tomar as decisións pertinentes respecto ao proceso de ensinanza-aprendizaxe. Polo tanto, débese entender ao longo de todo o proceso educativo e de forma global indicándonos qué obxectivos e competencias se acadan e cales non, sabendo onde, como, cando e por qué se producen os problemas.

Intentamos que a avaliación cumpra todas as funcións de diagnóstico, pronóstico, adaptación, orientación e control.

Procedementos e instrumentos que utilizaremos para avaliar ao alumando:

- 1 . Observación diaria
- 2 . Análise dos traballos dos alumnos e alumnas (carpeta, outros traballos...)
- 3 . Probas orais (diálogo, debates, entrevistas...)
- 4 . Probas específicas (obxectivas, tanto de xeito oral como escrito)

A información acadada axudaranos a avaliar todo o proceso de ensinanza, a propia programación e a nosa función docente. Pretendemos que a avaliación nos informe de como se van adquirindo e desenvolvendo as capacidades previstas; que sexa un proceso continuado e atenda ás diferenzas, para que proporcionando datos de todos os participantes no proceso educativo: alumnado, docente, deseño e desenvolvemento curricular... poidamos axustar e realizar os cambios precisos.

Prima a observación diaria do traballo e do desenvolvemento do alumno así como o control do traballo feito; ademais do control dos traballos realizados faranse fichas dispostas para a avaliación, aos controis orais e escritos elaborados pola mestra sumaranse a valoración dos traballos específicos feitos polo alumnado. A hora de cualificar non só temos en conta o dominio das unidades didácticas senón a actitude do alumno, non limitando este apartado á consecución de hábitos e normas de convivencia senón extendendoo á súa capacidade de interese, de responsabilidade, de cooperación, de compromiso, de superación, é dicir, referirémonos o amplo ámbito que abarca o feito de acadar as competencias, á súa formación como persoa.

Criterios de recuperación:

A través da avaliación detetaremos as situacións que precisan reforzo e especial atención. Retomaranse os modos de avaliación citados para comprobar o nivel de adquisición.

6. Medidas de atención á diversidade

No artigo 75 da LOMLOE se indica a necesidade de actuar baixo o prisma da inclusión e atención á diversidade en todos os ámbitos educativos.

O principio de heteroxeneidade comporta a existencia de distintos ritmos e niveis de aprendizaxe nunha mesma clase polo que o respecto e a atención á diversidade son fundamentais. A finalidade de atender á diversidade é garantir un adecuado desenvolvemento do alumnado en función das súas necesidades educativas.

Para atender as características persoais e grupais do alumnado debemos achegarnos a súa realidade e á do centro, así como ao contexto sociocultural no que vive e no que se encontra o colexio. O exposto na programación é suficientemente amplo e flexible para poder ter en conta a individualidade de cada neno e grupo. A través dos materiais e recursos, así como da temporalización teremos en conta as características concretas ante as que nos enfrontamos; ampliaremos ou reforzaremos de xeito individual ou colectivo aqueles aspectos que consideramos fundamentais. En especial terase en conta o nivel evolutivo do alumnado con necesidades educativas especiais. Coordinarémonos co mestre titor no afán de continuidade na labor educativa e seguiremos as indicacións feitas polo equipo de orientación.

Dentro das medidas para a inclusión e a atención á diversidade faremos fincapé en:

- A atención ás dificultades e potencialidades do alumno e do grupo
- A atención as necesidades individuais
- Intentar minimizar as dificultades con recursos e estratexias para atender as necesidades individuais

Ao comezo do curso realizaremos unha proba de avaliación inicial que nos permitirá detectarse temos alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Ao longo das unidades didácticas atenderase á diversidade de todo o alumnado propoñendo actividades non discriminatorias, métodos de carácter compensador, actividades variadas para os diferentes ritmos, instrumentos de avaliación flexibles, ou valores que inclúan a pluralidade do alumnado.

Plantéxanse actividades moi sinxelas, de menor dificultade á hora de elaboración pero non por eso sen contido; mais manipulativas e visuais para aquel alumnado que teña un ritmo de aprendizaxe máis lento ou que amose dificultades concretas nalgún contido.

Tamén se propoñen actividades máis complexas para aquel alumnado que teña un maior ritmo de aprendizaxe ou que posúa aptitudes para ampliar certos contidos.

Para os alumnos con altas capacidades intelectuais ou unhas condicións extraordinarias para a materia facilitarase unhas actividades de ampliación, así como traballos voluntarios.

Tódalas materias teñen en conta a individualidade do alumnado pero en especial a nosa disciplina, polas propias características, o ten moi presente considerando un principio básico o ter en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe, así como os distintos intereses e motivacións: en tódalas unidades programadas hai un apartado con actividades específicas de ampliación ou reforzo nas que segundo a temática inténtase a través de tarefas que van dende elaborar listados, facer manifestos, relacionar e unir, tachar, rodear, puzzles, visionado de imaxes, uso das tic... que o neno ou nena consiga reforzar ou ampliar o tratado na procura da consecución das competencias.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Educación Moral e Cívica	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Educación para a Paz	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Educación Ambiental	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Educación para a igualdade de oportunidades.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.6 - Educación do consumidor	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación non sexista	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Fomento do espírito científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Fomento da creatividade.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Comprensión da lectura.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.13 - Educación para a utilización responsable do tempo libre e de lecer.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - Educación Moral e Cívica	X
ET.2 - Educación para a Paz	X
ET.3 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual	X
ET.4 - Educación Ambiental	X
ET.5 - Educación para a igualdade de oportunidades.	X
ET.6 - Educación do consumidor	X
ET.7 - Educación non sexista	X
ET.8 - Educación emocional e en valores	X
ET.9 - Fomento do espírito científico	X
ET.10 - Fomento da creatividade.	X
ET.11 - Expresión oral e escrita.	X
ET.12 - Comprensión da lectura.	X
ET.13 - Educación para a utilización responsable do tempo libre e de lecer.	X

Observacións:

A ensinanza relixiosa entróncase na súa esencia con diversos temas encadrados en transversais; estes terán unha presenza diacrónica ao longo do currículo , non exclusivamente sincrónica. Especialmente:

A ensinanza relixiosa entróncase na súa esencia con diversos temas encadrados en transversais; estes terán unha presenza diacrónica ao longo do currículo , non exclusivamente sincrónica.

Educación moral e cívica: comportamentos para unha boa convivencia; valorar o coidado da familia, compañeiros e amigos para despois trasladalo a toda persoa; o respecto as crenzas e relixións, costumes; admiración pola labor humanitaria, participación responsable na aula .

Educación para a Paz: conseguir reaccións próximas: non pelexar, debater pacificamente ata conseguir sentimentos de tolerancia, comprensión, respecto ós demais, chegando a ser samaritanos do século XXI: interese por participar en accións que melloran a relación cos demais, respecto polos Dereitos Humanos e polo feito relixioso.

Educación non sexista: actitude de respecto cara o propio corpo e cara ós demais eliminando as discriminacións en razón do xénero; estudaremos as mulleres da Biblia, dignidade, a identificación de situacións de marxinação. Coidado no uso dunha linguaxe non sexista.

Educación para a Igualdade de oportunidades: independentemente dos sexos e das situacións económicas sociais.

Educación para a saúde: coidado e respecto como valores máximos.

Educación ambiental: descubrimento e afianzamento da interrelación Natureza-Ser humano; entender a responsabilidade na súa protección e explotación (a recollida selectiva de lixo, os alimentos naturais); admiración pola beleza da Creación e respecto

Educación do consumidor: actitude crítica ante o consumismo (en especial no Nadal e en cuestións sobre as marcas e modas); aprecio e admiración pola actitude solidaria e cooperativa; aprecio dos valores non-consumistas; valoración do non-material.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Charlas	A materia queda aberta a charlas dentro ou fora da aula de persoas e organizacións	X	X	X
Visitas	A materia queda aberta a visitas dentro ou fora da aula de persoas e organizacións	X	X	X
Concursos	A materia queda aberta á participación en actividades varias (concurso de Mans Unidas...)	X	X	X
Actividades do centro	Participaremos nas actividades propostas polos distintos equipos.	X	X	X
Actividades diversas e flexibles	Acordes cos tempos litúrxicos	X	X	X

Observacións:

A área queda aberta a charlas e visitas dentro ou fora aula de persoas e organizacións que aporten vivencias e experiencias acordes á programación do curso; do mesmo xeito queda aberta á participación en actividades (concursos, visitas a exposicións ou monumentos, rutas pola cidade...) propostas pola mestra, polos equipos docentes ou diferentes organismos ou organizacións alleas ao colexio que se axusten didacticamente ao programado.

Si é o caso participaremos nas actividades propostas polos distintos equipos (dinamización, biblioteca) de diversas maneiras segundo a temática; como exemplo: no Advento decorando, no Nadal recollendo panxoliñas e tradicións galegas; no Samaín tratando a Santa Compañía, no Día escolar pola Paz con murais e manifestos, dramatizando poesías, aprendendo cancións...

As actividades complementarias da área axústanse aos cambios de tempo litúrxico, momentos nos que se farán diferentes tarefas que rompen o ritmo habitual da aula segundo o curso e o ciclo litúrxico: investigacións, elaboración de manualidades..

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Participo activamente na elaboración das programacións.
A programación de aula ten en conta as individualidades e necesidades do alumno. A programación de aula ten en conta as características do grupo.
A programación de aula en ten conta as características do grupo
A programación de aula está concretada tendo en conta as características do grupo
Metodoloxía empregada
Planifico diariamente as actividades
Propoño actividades significativas para o alumnado
As actividades son axeitadas
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Os materiais empregados son variados e axeitados
Os recursos empregados son variados e axeitados
Existen unhas normas de aula claras
Medidas de atención á diversidade
Emprego unha metodoloxía axeitada as características do alumnado
Emprego unha metodoloxía axeitada as características do alumnado con NEAE
Clima de traballo na aula
O alumnado mantén unha axeitada dinámica de aprendizaxe
O clima da aula é bo
O alumno/a ten unha boa autoestima
O alumnado participou na elaboración das normas de aula
Favorezo a integración do alumnado
Favorezo a autoestima do alumnado
A avaliación do alumnado serve para orientar o proceso de aprendizaxe
O alumnado traballa en equipo

Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Fago unha avaliación inicial.
Desempeño as miñas funcións.
Participo nas distintas reunións e equipos .
Participo nos plans de formación.
Entrego en prazo os documentos requeridos polo centro.
Participo activamente na redacción da memoria final
Desempeño as miñas funcións baixo un criterio de profesionalidade e código deontolóxico.
Favorezo o contacto coas familias.
Outros
Integro as tecnoloxías da comunicación e información na miña práctica docente.

Descrición:

A escala de valoración será a seguinte: Desempeño nulo/insuficiente/suficiente/competente/excelente

Entendemos a avaliación como un elemento que permite recoller, en cada momento, a información necesaria para poder tomar decisións respecto ao proceso de ensinanza-aprendizaxe. Entendémola ao longo de todo o proceso educativo indicándonos que obxectivos e competencias se conseguen e cales non, sabendo así onde, como, cando e por qué se dan os problemas. Intentamos que a avaliación cumpra as funcións de diagnóstico, pronóstico, adaptación, orientación e control.

Entendemos a necesidade de avaliar o traballo realizado non só para detectar as posibles dificultades senón para axustar a práctica docente ás peculiaridades de cada aula e á individualidade de cada neno e nena. Sérvenos para comparar a planificación teórica co desenvolvemento práctico.

Comprobaremos a eficacia das programacións e podremos adaptalas oportunamente, propoñer melloras educativas e anticipar futuras actuacións.

Para unha correcta revisión da programación didáctica temos que ter en conta tres momentos:

- Inicio do curso: farase unha revisión profunda da programación.

- Ao longo do curso, e cos resultados vistos ao poñer en práctica a programación na aula, faranse os axustes oportunos.

- Ao remate do curso, vistos os resultados da aplicación da programación e os resultados da avaliación do alumnado poderemos facer unha avaliación máis profunda e exhaustiva que se plasmará na memoria final.

Será global, formativa e continua e, farase de xeito continuo para axustar a intervención pedagóxica.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Realizamos unha revisión constante da programación e da actividade docente na procura de melloras adaptándonos ás necesidades e ao nivel evolutivo da alumna e do alumno.

Farase unha avaliación continua, tanto de maneira global como individualizada mediante o seguimento:

- a través da aplicación Proens

- a través dos instrumentos citados anteriormente (observación, seguimento do traballo diario, probas obxectivas)

Na procura das propostas de mellora cara o presente curso e cara ao próximo, valoraremos a adecuación do programado:

- A adecuación da programación

- A adecuación dos materiais

- A adecuación das actividades

- A adecuación da temporalización

- A adecuación da metodoloxía
- A adecuación dos recursos
- A adecuación da práctica docente
- A adecuación dos instrumentos de avaliación
- A adecuación dos criterios de avaliación
- A adecuación da información e contacto coas familias
- A adecuación de calquera outro elemento que nos poda aportar información

Pretendemos que este seguimento e avaliación nos axuden a establecer si a posta en práctica do programado ten unha valoración positiva e esclarecer o que debemos cambiar; queremos con este seguimento ver a “distancia” entre a programación teórica e a súa práctica real na aula.

9. Outros apartados